

**PREGO DE BASES QUE REXERÁ A ADXUDICACIÓN DO
CONTRATO DE OBRAS, POR PROCEDEMENTO XERAL, DAS
OBRAS CONSISTENTES NA ELECTRIFICACIÓN INTERNA E
REMATE DO ALUMEADO PÚBLICO
NO PARQUE EMPRESARIAL DE TABOADA (LUGO)**

PROCEDEMENTO XERAL Multicriterio

XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR S.A.
AGOSTO 2016



INDICE

I.- PREGO DE CONDICIONS XURIDICAS.

- A).- OBXECTO DO CONTRATO
- B).- PREZO DO CONTRATO
- C).- CONDICIÓNS PARA SER ADMITIDO Ó PROCEDEMENTO
- D).- GARANTÍAS
- E).- CONTIDO, PRESENTACIÓN E APERTURA DAS OFERTAS
 - E.1.- Contido dos sobres
 - E.2.- Apertura das ofertas
 - E.3.- Factores a valorar
 - E.4.- Forma de valoración
- F).- Adxudicación e contratación
 - F.1.- Adxudicación
 - F.2.- Trámites da adxudicación e contratación
- G).- Dereitos e obrigas das partes
- H).- Risco e ventura
- I).- Suspensión dos traballos
- J).- Contrato tipo
- K).- Conclusión do contrato

- ANEXO 1.- CADRO DE CARACTERÍSTICAS
- ANEXO 2.- CARTA OFERTA TIPO
- ANEXO 3.- MODELO DECLARACION RESPONSABLE
- ANEXO 4.- MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE
- ANEXO 5.- MODELO CERTIFICACION INCOMPATIBILIDADES
- ANEXO 6.- MODELO DECLARACION RESPONSABLE
- ANEXO 7.- MODELO CONTRATO
- ANEXO 8.- MODELO AVAL

II.- PREGO DE CONDICIONS TECNICAS PARTICULARES.



I.- PREGO DE CONDICIONS XURIDICAS.

Tipo de contrato. - Contrato de OBRA.

Poder adxudicador. - Contrato a celebrar por poder adxudicador que NON é administración pública (artigo 3.3.b do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, en diante TRLCSP).

Tipo de procedemento de licitación.- Contrato non suxeito a regulación harmonizada, utilizándose o procedemento xeral, en aras do cumprimento dos principios de publicidade e concurrencia.

O presente prego será obxecto de publicación previa aos efectos da posibilidade de presentación de ofertas en concurrencia por calquera empresario interesado.

Natureza. - Contrato privado, de conformidade co artigo 20.1 TRLCSP. Non en tanto, de conformidade coa nova redacción do artigo 20.2 da TRLCSP, dada pola Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostible, serán de aplicación a estes contratos as normas contidas no Título V do Libro I do TRLCSP, sobre modificación dos contratos.

Réxime xurídico. - En canto ao procedemento de contratación rexerese polo presente prego e as Instrucións Internas de Contratación de Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A., aprobadas polo Consello de Administración da compañía en data 18 de marzo de 2014 e publicadas no perfil do contrante da entidade en data 21.03.14, tendo sido informadas favorablemente pola Asesoría Xeral da Xunta de Galicia antes da súa aprobación; e en canto aos seus efectos e extinción, polo dereito privado, e sen que lle sexan de aplicación as específicas normas do TRLCSP, agás nos casos de remisión expresa á mesma ou nos casos en que a devandita norma fose aplicable con carácter obligatorio ou supletorio.

Revestirán carácter contractual o presente prego e as propostas técnica e económica do adxudicatario.

A entidade XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S. A., intervén como mandataria do INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (IGVS), como consecuencia da encomenda de xestión que este Organismo lle confire en Resolución de Encomenda de Xestión do Director Xeral do IGVS, de data 11 de agosto de 2016, sendo, polo tanto, o titular e promotor das obras o IGVS.



A) OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto do contrato de OBRAS é a **electrificación interna e remate do alumado público do parque empresarial de Taboada**, e que se detalla no seguinte proxecto técnico:

- **Proxecto obras de electrificación interna e remate do alumado público do Parque empresarial de Taboada** (Lugo) redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Antonio López López en Xuño de 2016 (colexiado nº 17.286)

O citado proxecto recolle as obras correspondentes á eliminación do tendido aéreo de media tensión que afecta ao polígono e posterior construción das infraestruturas necesarias para substituílo, así como a construción dun novo tendido de baixa tensión que garanta o subministro aos veciños afectados. Tamén rematará o alumado público do parque empresarial coa instalación dos báculos e luminarias que quedaron pendentes en fases anteriores, así como a instalación dun cadro que garanta o servizo. Contémplase a construción dun aparcamento paralelo á LU-212 que se comunicará co vial 20 cun novo vial de acceso.

B) PREZO DO CONTRATO.

Fíxase como orzamento de licitación, base deste procedemento, a cantidade de CIENTO CORENTA E DOUS MIL OITOCENTOS EUROS (142.800 €) máis I.V.E, reflectida no Cadro de Características (Anexo 1).

O importe exacto do orzamento do contrato será o ofertado polo contratista e que resulte da adxudicación do mesmo.

Dito prezo será satisfeito de acordo coas condicións establecidas no contrato tipo.

O contrato, redactarase baixo as condicións contempladas no Prego de Condicións Técnicas Particulares e no Cadro de Características (Anexo 1).

C) CONDICIONS PARA SER ADMITIDO O PROCEDEMENTO.

Poderán tomar parte neste procedemento aqueles profesionais ou empresas cualificadas profesionalmente, españolas ou estranxeiras, en función da natureza do mesmo, non se encontren comprendidas en ningunha das prohibicións para contratar coas sociedades ou fundacións públicas, teñan plena capacidade de obrar, acrediten a súa solvencia, requisito éste último que será substituído pola consiguiente clasificación, cando ésta sexa exisíble, de conformidade co previsto no cadro de características.

Os requisitos de capacidade e solvencia económica e financeira, acreditaranse mediante os documentos que se incluírán no SOBRE 1, os que posteriormente farase mención. Non entanto, ao tratarse dunha contratación documentalente simplificada, de conformidade co disposto na Instrucción nº 28 das Instrucións Internas de

Contratación de Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A., no momento da presentación da oferta bastará coa presentación dunha declaración responsable do licitador na que se indique que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración. Unha vez adxudicado o contrato, requirirase ao adxudicatario para que nun prazo de 10 días, e antes da firma do contrato, presente a documentación acreditativa da capacidade para contratar.

As empresas participantes non poderán estar vinculadas entre elas. Esta vinculación apreciarase nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público.

Examinada esta documentación, XESTUR, S. A. determinará se existe algunha causa de exclusión por incumprimento dos requisitos contidos no presente prego de bases.

De existir, XESTUR, S. A., excluirá do procedemento ao ofertante, salvo que o defecto, omisión ou erro material fora subsanable, neste caso se lle concederá un prazo de tres días a este efecto; transcorrido este prazo sen terse subsanado aquelas, quedará eliminado.

D) GARANTIAS.

Do prezo fixado, dacordo coa proposta formulada, por quen resulte adxudicatario, establecerase a garantía definitiva fixada no Cadro de Características (Anexo 1). A garantía poderá presentarse nalgunhas das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP. Dita cantidade devolverase, unha vez transcorrido o prazo de garantía indicado no cadro de características, e sempre e cando os traballos fosen rematados a satisfacción de XESTUR S.A.

E) CONTIDO PRESENTACION E APERTURA DAS OFERTAS.

As ofertas completas deberán presentarse dentro do prazo de 15 días naturais, a contar dende a publicación da licitación no perfil do contratante da web de Xestur Galicia (www.xesturgalicia.com) e na plataforma de contratos públicos de galicia (www.contratosdegalicia.es) e **deberán rexistrarse, nas oficinas de Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A. sitas en Lugo (Avenida de Ramón Ferreiro nº 28, 1º Andar CP 27002) ou en Santiago de Compostela (Área Central, Local 25-Z, 1º Andar, Polígono As Fontiñas, CP 15707)**

Os licitadores non poderán presentar máis de unha oferta para os traballos obxecto de licitación.

As ofertas presentaranse en sobres pechados, asinados polo participante ou persoa que o represente e, en cada un dos sobres farase constar o seu contido e o nome do licitador, así como, no seu caso, o número de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma.

As ofertas presentaranse de forma detallada, tal e como se indica no **Anexo 2**.



Os sobres acompañaranse dun escrito de presentación, para rexistro de entrada en Xestur.

Non se admitirán ofertas por correo.

A presentación das proposicións presume a aceptación polo empresario das cláusulas deste Prego.

E.1) CONTIDO DOS SOBRES

Sobre nº1: Documentación Xeral

Nota: Ao tratarse dunha **contratación documentalmente simplificada**, de conformidade co disposto na Instrución nº 28 das Instrucións Internas de Contratación de Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A., no momento da presentación da oferta bastará coa presentación dunha **declaración responsable do licitador** na que se indique que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración (modelo **Anexo 3**). Una vez adjudicado o contrato, requirirase ao adxudicatario para que nun prazo de 10 días, e antes da firma do contrato, presente a documentación acreditativa da capacidade para contratar.

Documentación xeral referente as condicións para ser admitido o procedemento:

- a) Documentos que acrediten a personalidade do empresario mediante a presentación, no seu caso, da escritura de constitución da empresa, se fora persoa xurídica, así como das modificacións de esta, debidamente inscritas no Rexistro Mercantil. Se non fose esixible a inscrición no Rexistro Mercantil, presentárase a escritura de constitución ou modificación e, no seu caso, os estatutos do acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscrita no seu caso no correspondente rexistro oficial.
- b) No caso de empresas individuais, copia compulsada do DNI.
- c) Cando dous ou mais empresas presenten oferta conxunta, cada unha delas acreditará a súa personalidade e capacidade, debendo indicar os nomes e circunstancias das empresas que a subscriban, a participación de cada unha de elas e a designación dun representante ou apoderado único, que ostente a representación; non será necesario a formalización da unión de empresas ata que se efectúe a adjudicación o seu favor. Os empresarios quedarán obrigados, solidariamente, debendo nomear un apoderado ou representante único. A duración da unión temporal coincidirá coa do contrato, ata a súa extinción.
- d) Os que comparezan e asinen proposicións en nome de outros, deberán acreditar a súa representación por calquera medio válido en dereito, que deixe constancia fidedigna de dita representación. Ademais, en calquera caso, haberase de aportar copia compulsada do DNI da persoa que asine a proposición económica.
- e) Declaración responsable de non estar incurso, o licitador, en ningún dos supostos de prohibición de contratar con sociedades e fundacións públicas. En concreto non poderán concorrer o procedemento as persoas nas que conorra algunha das circunstancias previstas no art. 60 do TRLCSP (modelo **Anexo 4**)



- f) As empresas deberán acreditar, mediante a oportuna certificación, emitida polo seu órgano de administración ou dirección, que non forman parte dos órganos de goberno das mesmas ningunha persoa das que se indican na lei 9/1996 de 18 de outubro, sobre incompatibilidade dos membros da Xunta de Galicia e da Administración, nin da Lei 53/1984, sobre incompatibilidades de persoal o servizo das administracións públicas, e da Lei 5/1985 de Réxime electoral xeral. Dita prohibición alcanza a cónxuxes e persoas vinculadas con análoga relación de convivencia afectiva e descendentes das persoas as que se refire este parágrafo, sempre que respecto dos derradeiros as persoas indicadas nas leis sinaladas, ostenten a súa representación legal (modelo **Anexo 5**)
- g) Os contratistas non españois de países membros da Unión Europea ou os asinantes do acordo sobre espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións correspondentes. Os contratistas de estados non membros da Unión Europea, nin asinantes do acordo sobre espazo económico europeo, acreditarán a súa capacidade mediante a presentación dun informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España no estado correspondente ou da Oficina Consular en cuio ámbito territorial radique o enderezo da empresa.
- h) **No caso de esixirse clasificación**, de conformidade co previsto no cadro de características, **deberá acreditarse aquela mediante** certificación da inscrición no Rexistro Oficial correspondente, expresiva da clasificación do contratista, xunto coa declaración da súa vixencia, que habilite para contratar obras ás que concurse. **Neste caso, o licitador quedará exonerado de acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.** Os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea que non estean clasificados, acreditarán a súa capacidade financeira, económica e técnica por calquera dos medios descritos nos artigos 74, 75 e 76 do TRLCSP. A clasificación das agrupacións de empresas verificarase mediante acumulación. En todo caso, e ó abeiro do disposto no artigo 52 do RXLCAP, será requisito básico para a acumulación das citadas características que tódalas empresas que concorran na unión temporal á licitación do contrato obtiveran previamente clasificación como empresa en relación co contrato ó que opten, agás cando se trate de empresas non españolas de Estados membros da Comunidade Europea, caso no que, para a valoración da súa solvencia concreta respecto da Unión Temporal, estarase ó disposto nos artigos 74, 75 e 76 do TRLCSP
- i) **No caso de non esixirse clasificación deberá acreditarse a solvencia económica e financeira, por un dos seguintes medios :**
- a) Volume anual de negocios**, por importe igual ou superior ao importe de licitación do contrato
- b) Xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais**, por importe igual ou superior ao importe de licitación do contrato.
- En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas das Administracións Públicas acreditará fronte a tódolos órganos de contratación do sector público, a tenor do nel reflectido e, salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

A **solvencia técnica**, considerarase acreditada, se o licitador presenta a documentación esixida a continuación:

a. Medios Técnicos a empregar especificamente na obra.

Presentarase unha relación somera, segundo proxecto técnico, dos medios técnicos que vai a empregar na obra a adxudicar, especificando as características técnicas dos mesmos. Indicarase se os medios son propios, en réxime de aluguer ou subcontratados.

b. Medios humanos a empregar especificamente na obra obxecto do procedemento.

En canto os medios humanos, indicarase os traballadores seleccionados para a execución das obras, autónomos e subcontratados previstas (incluírase unha relación das previstas onde se indicarán os datos de cada unha delas: personalidade xurídica, ubicación, experiencia, etc) Aportarase a documentación precisa que xustifique os datos aportados (contratos, tc1 e tc2...)

Indicarase a persoa que a empresa se compromete a ter como XEFE DE OBRA, con capacidade suficiente para representala en todo momento, e con titulación apropiada para as obras a executar. Indicarase documentación acreditativa da relación contractual entre a empresa e o xefe de obra. Asemade acreditarase a experiencia de este en obras de natureza análoga, e xuntarase ó seu currículo, así como do equipo técnico que se vaia a adscribir na obra.

- j) **Se o licitador estivese inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma**, deberá aportar certificado de inscrición no mesmo e estarase o disposto no Decreto 262/2001, de 20 de setembro (DOG 16 outubro de 2001), polo que se refunde a normativa reguladora do Rexistro Xeral de Contratistas, aportando neste caso certificación actual da súa inscrición. Neste caso quedará exonerado de presentala documentación que conste no devandito Rexistro, acreditativa dos extremos relativos á capacidade para contratar, cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social e clasificación do contratista. Ós indicados efectos deberá facerse constar no exterior do sobre nº 1 que a empresa se atopa inscrita neste Rexistro, con indicación do seu nº de inscrición.
- k) **Declaración responsable** de que a empresa adxudicataria dispón da infraestrutura e medios adecuados para o desenvolvemento da actividade contratada, e exerce a dirección sobre o traballo desenvolvido polos traballadores na obra, de conformidade co disposto na Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no Sector da Construción, e que conta coa porcentaxe mínima de traballadores con contrato indefinido, a que se refire o art. 11 do R.D. 1109/2007, de 24 de agosto, polo que desenvolve a Lei 32/2006 (modelo **Anexo 6**).
- l) O licitador deberá acreditar a súa inscrición no **Rexistro de Empresas Acreditadas de Galicia** mediante a presentación da correspondente certificación, de acordo co disposto na Orde do 15 de maio de 2.008 pola que se crea o devandito Rexistro para intervir no proceso de contratación no sector da construción.



Sobre nº2: Proposición económica

Neste sobre incluírase a seguinte documentación:

1) **Proposición económica**, que se axustará ao modelo establecido que se xunta como anexo 2 deste prego.

Carta oferta asinada polo representante da empresa, con poder bastante, coa porcentaxe de baixa, se existira, sobre o orzamento de licitación deste procedemento. As ofertas consideraranse a prezo cerrado, sen que se admita revisión de prezo.

Se na carta-oferta se formulasen baixas sobre o orzamento, XESTUR, S. A. a efectos do análise das ofertas, repercutirá por igual en tódolos prezos unitarios e nas partidas alzadas incluídas no orzamento, a porcentaxe de baixa ofertada.

A súa presentación presupón a aceptación incondicional por parte do licitador do contido da totalidade do prego de cláusulas administrativas particulares e do de prescricións técnicas.

A oferta efectuarase pola totalidade da obra, incluíndo nela todo tipo de impostos, arbitrios ou taxas esixibles.


Serán inadmisibles as ofertas de maior contía da que figura no cadro de características como orzamento de licitación.

Nas ofertas nas que exista contradición entre a cantidade expresada en número e letra, darase preferencia á cantidade expresada en letra

2) **Melloras Técnicas:** poderá o contratista propoñer melloras na obra con unidades novas non recollidas no proxecto ou mellorar a calidade das unidades de obra do proxecto. Estas melloras, en todo caso, non deberán supoñer un incremento económico no orzamento de licitación.

As melloras estarán enfocadas a mellorar as instalacións, a calidade das obras a executar, restrinxíndose ás seguintes partidas:

- **Instalación de fitos de sinalización de formigón armado sobre terreo nos vértices da poligonal do límite das parcelas, incluíndo o cravado de punta de aceiro no punto exacto do vértice de aquelas.** O número de fitos necesario para sinalizar tódolos vértices das parcelas será de trinta (33), e para a súa valoración adoptárase un prezo de mercado 65,00 € por unidade (sen IVE), resultando un importe de 2.145,00 € (sen I.V.E.).
- **Plan para o control da calidade das obras e ensaios, ata un máximo do 1% do orzamento de execución por contrata sen IVE.** O contido deste plan, que complementará ao previsto por XESTUR, S.A., deberá ser definido e coordinado coa Dirección Facultativa con carácter previo ao inicio das obras. O importe total da mellora sería de 1.428,00 € (sen I.V.E.).
- **Substitución de Luminaria existente de 250 W de sodio de alta presión QSA-5 de Carandini ó similar en columna de 10 m. de altura, por luminaria pechada Ecodut K2 LED 61,6W 57K GR 3370586185 de Secom ou similar, incluso medios auxiliares de elevación, colocada e funcionando.** O número de luminarias a substituír será de trece (13 uds), e para a súa valoración adoptárase un prezo de 319,56 € por unidade (sen IVE), resultando un importe de 4.154,28 € (sen I.V.E.).



As melloras ofertadas polos licitadores deberán axustarse ás unidades, prezos unitarios e importes detallados anteriormente, aos efectos da súa valoración.

E.2) APERTURA DE OFERTAS.

A apertura dos sobres presentados realizarase pola Mesa de contratación, en acto público. A data de apertura das ofertas será a sinalada no anuncio do procedemento.

A Mesa de Contratación cualificará os documentos presentados en tempo e forma, podendo solicitar para iso os oportunos informes técnicos e xurídicos.

Se a Mesa de Contratación observase defectos materiais na documentación presentada poderá conceder, se o estima conveniente, un prazo non superior a 3 días hábiles para que o licitador corrixa ou enmende baixo apercibimento de exclusión definitiva se non se solucionan, debendo as empresas licitadoras achegar en tal prazo a documentación solicitada.

Da apertura dos sobres levantarase acta, asinada polos membros da Mesa de Contratación, na que se farán constar as ofertas presentadas, así como as incidencias que se produciran.

A Mesa de Contratación estará formada por:

Presidente: Jorge Carballeira Fernández
1º Suplente: María Doporto Santos
2º Suplente: Ángel Rodríguez González
Secretaria: María Alonso Silva
Suplente: María Teresa López López
Vocal: Antonio López López
Suplente: Fernando López Bellón

E.3) FACTORES A VALORAR

Os factores a considerar para a adxudicación do contrato, entre as empresas que presentaron oferta, son os que se indican no cadro seguinte:

Nº	CRITERIOS	PUNTUACIÓN
1	Oferta económica	0-85 Puntos
2	Melloras ofertadas	0-15 Puntos
TOTAL		0-100 puntos



E.4) FORMA DE VALORACIÓN

Os criterios de adxudicación con arranxo aos cales se determinará a oferta mais vantaxosa, serán os seguintes:

Puntuación Oferta económica (Pe): valoración máxima: ata 85 puntos:

A puntuación da oferta económica realizarase outorgando a maior puntuación (80 puntos) á mellor das ofertas económicas presentadas e o resto das ofertas serán puntuadas de xeito decrecente e inversamente proporcional respecto á oferta de maior puntuación antes citada, segundo a seguinte fórmula:

$$Pe = \text{Oferta económica máis baixa} \times 85 / \text{oferta económica presentada}$$

Puntuación Melloras Técnicas (Pm): valoración máxima: ata 15 puntos:

A puntuación das melloras técnicas realizarase outorgando a maior puntuación (15 puntos) ás ofertas que recollan tódalas melloras propostas co importe máximo e aquelas que non acaden o importe máximo serán puntuadas de xeito decrecente e directamente proporcional respecto ao importe máximo das melloras propostas antes citadas, segundo a seguinte fórmula:

$$Pm = \text{importe melloras presentadas} \times 15 / \text{importe máximo melloras propostas}$$

As melloras ofertadas polos licitadores deberán axustarse ás unidades, prezos unitarios e importes detallados anteriormente, aos efectos da súa valoración.

A mesa de contratación valorará as proposicións dos licitadores, de acordo cos criterios de adxudicación expostos. Para este efecto, poderá pedir os informes técnicos que considere precisos e proporalle ao órgano de contratación a adxudicación. Levantarase acta do resultado da valoración e farase a proposta ao órgano de contratación de Xestur S.A. Si se apreciaren defectos materiais, susceptibles de emenda, poderá notificarse ó interesado concedéndolle un prazo para a súa corrección, con carácter previo á adxudicación.

A mesa de contratación cualificará a documentación acreditativa das condicións esixidas para contratar con Xestur S.A. Esta documentación deberá achegala o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, no prazo de 10 días hábiles nos termos previstos no artigo 151.2 do TRLCSP De non cumprirse axeitadamente esta obriga, entenderase que o licitador retirou a oferta, e procederase nese caso a recadar a documentación do licitador seguinte segundo a orde na que quedarán clasificadas as ofertas.



F) ADXUDICACION E CONTRATACION

F.1) ADXUDICACION

A adxudicación do procedemento efectuarase polo Órgano de Contratación de Xestur S.A. a favor da oferta que, no seu conxunto, resulte máis vantaxosa, unha vez efectuada a valoración pola Mesa de Contratación.

A adxudicación será comunicada aos que resulten seleccionados.

Cando non proceda a adxudicación do contrato ó licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa, por non presentar en prazo a documentación esixida ou por outra causa debidamente xustificada, antes de proceder a una nova convocatoria o órgano de contratación poderá efectuar unha nova/s adxudicación/s ó licitador ou licitadores seguintes a aquel, polo orde no que quedaran clasificadas ás súas ofertas, sempre que iso fora posible e que o novo licitador/es que presentara a oferta económica máis vantaxosa prestara a súa conformidade, nese caso concederá a este o mesmo prazo para cumprimentalo sinalado no parágrafo anterior. A adxudicación notificarase aos licitadores e publicarase no perfil do contratante.

O procedemento, poderá declararse deserto, só no caso de que tódalas ofertas presentadas foran desestimadas. No caso de que o procedemento se declare deserto, enténdese que as ofertas mantéñense para un proceso de adxudicación directa.

A adxudicación, enténdese sempre condicionada o cumprimento de tódolos requisitos previos a formalización do contrato.

F.2) TRAMITES DA ADXUDICACION E CONTRATACION.

Comunicada a adxudicación ao licitante que resulte adxudicatario, procederase á formalización do contrato.

Con carácter previo á formalización do contrato, requirirase ao adxudicatario para que no prazo de 10 días hábiles presente a documentación que debe incluírse no sobre 1, para o caso de que só tivera presentado a declaración responsable. Ademais, deberá presentar no mesmo prazo a seguinte documentación:

1. Certificación acreditativa de encontrarse ó día no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal, así como de non ter débedas coa Comunidade Autónoma, expedida pola Consellería de Facenda, así como de encontrarse ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social, agás no caso en que acreditase a súa clasificación ou a inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma.
2. Presentación da certificación de inscrición no Rexistro de Empresas Acreditadas de Galicia.
3. Póliza de seguro en vigor, que cubra calquera responsabilidade civil do contratista derivada da realización da obra, e cuxa cobertura se estime suficiente.

Ademais antes de formalizar o contrato, o adxudicatario, deberá presentar, se non o fixera así, con anterioridade:



1. Orixinal ou copia debidamente autenticada do poder notarial e DNI da persoa facultada para a sinatura do contrato.
2. Xustificante do pago dos anuncios publicados, se procedera.
3. Se se tratara de empresas agrupadas, deben acreditar a constitución da agrupación e CIF desta.
4. Documentación esixida pola Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no Sector da Construcción e pola normativa de desenvolvemento da mesma.
5. Garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación do contrato

O contrato terase que subscribir dentro dos trinta días naturais seguintes á data da notificación da adxudicación. Este contrato poderá formalizarse en escritura pública se o solicita o contratista, sendo o seu cargo os gastos derivados de dito outorgamento.

O prego de condicións técnicas terá carácter contractual e formará parte do contrato.

G) DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES

Pagos ó contratista:

O contratista terá dereito o pago da prestación establecida, nos termos do contrato.

Obrigas do contratista:

Laborais e sociais:

Está obrigado o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e prevención de riscos laborais.

Outras obrigas:

Estará obrigado a realizar a prestación pactada, de conformidade co previsto no contrato tipo, que forma parte integrante do presente Prego de Bases, e cumprindo as disposicións civís, mercantís e administrativas de carácter xeral ou sectorial que lle sexan aplicables.

Cumprimento de prazos e penalidades:

O contratista está obrigado a realizar a prestación pactada, nos prazos totais e parciais a que comprometido. No caso de que se excedese no prazo pactado estarase o réxime de penalidades fixado no contrato.

Modificación do contrato

O contrato só poderá modificarse nos casos expresamente previstos no artigo 107 do TRLCSP e cos límites que se establecen no mesmo. Nestes casos as modificacións acordadas polo Órgano de Contratación serán obrigatorias para o contratista.

A modificación do contrato acordada conforme ao previsto no artigo 107 do TRLCSP, non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación, e deberá limitase a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria, tendo en conta que, en ningún caso o conxunto das modificacións sucesivas non poderá superar o límite do 10% do prezo de adxudicación do contrato.

En caso de supresión ou redución de algunhas partidas ou unidades da obra contratada, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha.

En ningún caso se poderá introducir ou executar modificacións no obxecto do contrato sen a previa aprobación por escrito de Xestur S.A..

Gastos esixibles ao contratista:

Son por conta do contratista:

1. Os gastos de publicación de anuncios de licitación e adxudicación, os da formalización do contrato, así como todos os impostos, taxas e prezos públicos, contribucións, que pesen sobre o contrato e, se é o caso, sobre o obxecto do contrato, e os derivados da prestación dos traballos facultativos da comprobación da implantación, dirección, inspección, execución e liquidación e calquera outros que resultasen de aplicación de conformidade coas disposicións vixentes e na forma e contía que estas determinen.
2. Os gastos que se requiren para a obtención de documentos, ou calquera clase de información de organismos oficiais ou particulares. Os correspondentes as probas, ensaios, materiais, prospeccións e, en xeral, de cantos traballos ou informes sexan necesarios para o cumprimento dos fins do estudo ou traballo, e a comprobación do mesmo.
3. Os gastos de acometida de auga e saneamento, no suposto de que fosen precisos, así como os gastos de alta de auga de obra (terá a obriga de solicitar ALTA de auga ó Concello e a BAIXA cando remate a obra)
4. E, en resume, calquera outros necesarios para a recepción da obra.

Así mesmo responderá, o ADXUDICATARIO, dos danos o perxuízos que puideran causarse a terceiros, con motivo da realización dos traballos necesarios para a confección do estudo o traballo obxecto de este procedemento. Ningunha responsabilidade poderá derivarse cara a XESTUR S.A.

Seguro de responsabilidade civil

O adxudicatario deberá presentar, antes da formalización do contrato, póliza de seguro de responsabilidade civil, en vigor, que cubra os **riscos derivados das obras** obxecto do contrato. A adxudicación quedará condicionada ó cumprimento deste requisito con carácter previo á formalización do contrato.

Cumprimento da normativa de subcontratación

O adxudicatario deberá presentar antes da formalización do contrato, a documentación esixida pola normativa vixente en materia de subcontratación no Sector da Construcción, de conformidade co establecido na Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no Sector da Construcción, ou normativa que a desenvolva.

Impostos:

Tanto nas ofertas que formulen os licitadores, como nas propostas de adxudicación enténdense comprendidos a todo-los efectos, os impostos de calquera índole que graven os diversos conceptos.

Revisión de prezos:



O contrato non estará suxeito á revisión de prezos.

H) RISCO E VENTURA

O contrato executarase a risco e ventura do contratista excepto nos casos de forza maior.

I) SUSPENSION DOS TRABALLOS

Se XESTUR, S. A., acordara a suspensión dos traballos procederase a levantar un acta na que se contarán as circunstancias que motivaron dita suspensión e a situación, de feito, na execución do contrato. Aboaranse, neste caso, o contratista, os danos e perxuízos efectivamente sufridos, si a causa da suspensión fose imputable a XESTUR, S.A.

J) CONTRATO

O contrato a subscribir entre o ADXUDICATARIO e XESTUR, S. A., corresponderá o contrato tipo establecido no **ANEXO 7**, cuxo contido considerárase parte integrante do presente Prego de Condicións.

K) CONCLUSION DO CONTRATO

O contrato entenderase cumprido, polo contratista, cando este quedara realizado conforme os termos pactados, a satisfacción de XESTUR, S. A.

Recepción:

XESTUR, S. A., determinará se a prestación realizada axústase as prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento, requirindo, no seu caso, a realización das prestacións contratadas e a subsanación dos defectos observados con ocasión da súa recepción. Se os traballos non se adecúan a prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ó contratista, XESTUR, S. A., poderá rexeitar os mesmos, quedando exento das obrigas de pago e, no seu caso, a recuperación do prezo satisfeito.

Devolución e cancelación de garantías:

Aprobada a liquidación do contrato, se non resultaran responsabilidades que deban exercitarse sobre as garantías, procederase a devolver a garantía definitiva polo importe do 5% do prezo de adxudicación, unha vez transcorrido o prazo de 1 ano, fixado no **Cadro de Características** (Anexo1)



ANEXO 1: CADRO DE CARACTERÍSTICAS

OBRAS DE ELECTRIFICACION INTERNA E REMATE DO ALUMEADO PÚBLICO	PARQUE EMPRESARIAL TABOADA (LUGO)
ORZAMENTO DE LICITACION (sen IVE)	142.800 €
IVE (21%)	29.820 €
PRAZO EXECUCION OBRAS (EN MESES)	3 MESES
PRAZO DE GARANTIA	1 ANO
GARANTIA PROVISIONAL	NON SE ESIXE
GARANTIA DEFINITIVA	5%

CLASIFICACIÓN ESIXIDA	Non se esixe
------------------------------	--------------

CÓDIGO CPV	45220000-5
-------------------	------------



ANEXO 2: CARTA OFERTA TIPO

OFERTA TIPO

OBRAS :	<u>OBRA DE ELECTRIFICACIÓN INTERNA E REMATE DO ALUMEADO PÚBLICO NO P.E. TABOADA (LUGO)</u>
SITUACIÓN :	CONCELLO DE TABOADA
PETICIONARIO :	XESTION DO SOLO DE GALICIA-XESTUR,S.A.
OFERTANTE :	
DATA:	
XEFE DE OBRA DESIGNADO:	

CONCEPTO	EUROS
----------	-------

TOTAL ORZAMENTO LICITACIÓN (SEN IVE) €
BAIXA OFERTADA (..... %)
TOTAL ORZAMENTO OFERTADO (SEN IVE)

O CONTRATISTA

Asdo.:.....

En a de de 2.016



ANEXO 3: MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE

D....., con DNI nº, con domicilio a efectos de notificación en....., actuando en nome e representación da empresa....., con CIF....., con domicilio social en,

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración, conforme esixe o RD Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o TRLCSP, nos termos e condicións previstos no mesmo.

Que a entidade está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica e coas obrigas de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

Que a entidade mercantil á que represento (consignar o que proceda):

- Non pertence a un grupo de empresas nin estar integrada por ningún socio no que concorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio
- Pertence ao grupo de empresas ou está integrada por algún socio no que concorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:
 - a) CIF/NIF:.....
 - b) CIF/NIF:
 - c) CIF/NIF:

Comprométese a acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos no apartado 1º do artigo 146 do RD Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o TRLCSP.

E para que así conste aos efectos oportunos, asina a presente declaración en, ade.....de.....2016

(sinatura)



ANEXO 4: MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE

MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓN PARA CONTRATAR

D....., con DNI nº, con domicilio a efectos de notificación en....., actuando en nome e representación da empresa....., con CIF....., con domicilio social en

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que o licitador non está incurso en ningún dos supostos de prohibición para contratar con sociedades e fundacións públicas e en concreto, non concorre ninguna das circunstancias previstas no artigo 60 do TRLCSP.

E para que así conste aos efectos oportunos, asina a presente declaración en....., ade.....de.....2016

(sinatura)



ANEXO 5: CERTIFICACION INCOMPATIBILIDADES

MODELO DE CERTIFICACIÓN DE NON ESTAR INCURSO EN INCOMPATIBILIDADES

D....., con DNI nº, con domicilio a efectos de notificación en....., actuando en nome e representación da empresa....., con CIF....., con domicilio social en

CERTIFICA:

Que non forman parte do órgano de goberno da empresa ningunha persoa das que se indican na lei 9/1996 de 18 de outubro, sobre incompatibilidade dos membros da Xunta de Galicia e da Administración, nin da Lei 53/1984, sobre incompatibilidades de persoal o servizo das administracións públicas, e da Lei 5/1985 de Réxime electoral xeral.

E para que conste e os efectos oportunos, asina a presente declaración en....., ade.....de.....2016.

(sinatura)



ANEXO 6: MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE SUBCONTRATAÇÃO NO SECTOR DA CONSTRUÇÃO

D....., con DNI nº, con domicilio a efectos de notificación en....., actuando en nome e representación da empresa....., con CIF....., con domicilio social en

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1º.- Que a empresa arriba indicada cumple con tódolos requisitos establecidos nos apartados 1 e 2.a) do artigo 4 da Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción e, polo tanto, posúe unha organización produtiva propia, conta coa infraestrutura e medios materiais e persoais necesarios, que se compromete a utilizar nas obras cuxa execución contrate, asumindo os riscos, obrigas e responsabilidades correspondentes e exercendo directamente as súas facultades de organización e dirección dos traballos nas obras; que dispón de recursos humanos, no seu nivel directivo e produtivo, que contan coa formación necesaria en prevención de riscos laborais, e dunha organización preventiva adecuada a lexislación vixente; e que se compromete a manter os devanditos requisitos durante o exercicio da actividade

2º.- Que a empresa conta coa porcentaxe mínima de traballadores con contrato indefinido, a que se refire o artigo 11 do R.D. 1109/2007, de 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006.

E para que conste e os efectos oportunos, asina a presente declaración en....., ade.....de.....2016.

(sinatura)



ANEXO 7: CONTRATO

En, a de do.....

REUNIDOS

Dunha parte D.D.N.I. nº

De outra parte D. Jorge Carballeira con D.N.I. nº 33.806.961.

INTERVEÑEN

O primeiro, en nome e representación....., con domicilio en, na súa función de, con C.I.F., constituída segundo escritura pública outorgada ante o Notario D., en (.....), con data, núm., inscrita no Rexistro Mercantil de, o Tomo, Folio, Folla, e escritura de elevación o público, acordos sociais de adaptación de estatutos, cese e nomeamento de administradores outorgada ante o Notario de, o, baixo o núm.de protocolo.

O segundo, en nome e representación de "XESTION DO SOLO DE GALICIA - XESTUR, S. A." constituída por fusión e extinción das entidades de carácter provincial Xestión Urbanística de A Coruña, S.A., Xestión Urbanística de Lugo, S.A., Xestión Urbanística de Ourense, S.A. e Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A., en escritura autorizada polo Notario de Santiago de Compostela Don Héctor Ramiro Pardo García o día 23 de Decembro de 2013, co número 1.814 e inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela ó Tomo 218, Folio 73, Folla SC-47082, Inscripción 1ª. Ten o seu domicilio social en Santiago, Área Central, local 25-Z, 1º (Polígono de Fontiñas), e C.I.F. A-70392758. Na devandita escritura transmitíronse en bloque os respectivos patrimonios sociais das entidades fusionadas.

Capacidade:

Ámbalas partes manifestan ter plena capacidade para contratar e obrar acreditándoo mediante a escritura pública de constitución ou, no seu caso, modificación debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.

A entidade XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S. A., intervén como mandataria do INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (IGVS), como consecuencia da encomenda de xestión que este Organismo lle confire en Resolución de Encomenda de Xestión do Director Xeral do IGVS, de data, sendo, polo tanto, o titular e promotor das obras do IGVS.

Solvencia:

A empresa adxudicataria das obras acreditou a súa solvencia económica, financeira e técnica con arranxo ás bases do procedemento.



Prohibicións:

A empresa adxudicataria declara non estar incurso en ningunha das prohibicións para contratar, así como os seus administradores e representantes.

ANTECEDENTES

I.- Que XESTUR, S. A., tramitou mediante o procedemento xeral, a licitación para a adxudicación da Obra..... , sita na , e que o adxudicatario presentou oferta para a realización das mesmas.

II.- Presentadas as ofertas e comprobada a documentación, procedeuse a apertura dos sobres das diferentes propostas, que foron valoradas con amaño ó Prego de Condicións do procedemento convocado e, finalmente adxudicadas polo órgano de contratación de XESTUR, S. A.

III.- Que as citadas obras realizaranse de conformidade co establecido no Prego de Condicións e especialmente nas Prescricións Técnicas que se xuntan ó presente contrato como Anexo 1.

IV.- Que, segundo figura no Prego de Condicións, constaba e consta o CONTRATISTA:
a) Que o titular e promotor das obras e o IGVS actuando XESTUR, S. A., como mandatario por encomenda de xestión.
b) Que o propio adxudicatario actúa en este contrato como Contratista principal e único ante XESTUR, S. A..

V.- Que as citadas obras realizaranse sobre a parcela delimitada no proxecto.

VI.- Que o CONTRATISTA coñeceu con anterioridade as condicións para asumir a realización das obras, habendo examinado o Proxecto, o Prego de Condicións e demais documentación incorporada o mesmo, a cal considera correcta e suficiente para levar a bo termo a execución total das mesmas.

VII.- Que D. Jorge Carballeira Fernández, Xerente de XESTUR, S. A., na representación que ostenta, pode asinar todos e cada un dos documentos derivados deste Contrato, así como resolver calquera dúbida na interpretación do mesmo en relación coas obras adxudicadas.

Na súa virtude, ámbalas partes, formalizan o presente CONTRATO DE OBRA a tenor das seguintes:

CLÁUSULAS**1. OBXECTO E ALCANCE DO CONTRATO****1.1. Obxecto do Contrato.**

XESTUR, S. A. encarga o CONTRATISTA e este acepta, executar a realización das obras de consistentes en:

OBRA..... descrita no seguinte proxecto:

- "*Proxecto* ", redactado en data polo enxeñeiro de C.C. e Portos D.

Ditas obras van a ser dirixidas polo seguinte técnico: Director de obra:
.....

1.2 Prezo e Prazo

O prezo total do contrato e de€ , (orçamento de adxudicación –) que representa una baixa do orçamento de licitación do% , realizándose a obra con arranxo o principio de resgo e ventura, sendo o seu prazo de execución, **de ... meses**

1.3 Normativa

En todo o non previsto neste contrato estarase a normativa civil, mercantil ou administrativa que resulte de aplicación.

1.4. Documentación complementaria.

Toda a documentación seguinte considerarase complementaria deste Contrato, do que pasarán a formar parte integrante.

- Proxecto/s, (Memoria, Planos, Orzamentos, Prego de Condicións, Medicións) Anexo/s e Modificados posteriores.
- Plan de Seguridade e Saúde , aprobado pola Dirección Facultativa.
- Planning de obra pormenorizado e aprobado pola Dirección Facultativa.
- Acta de comprobación do reformulo e viabilidade.
- Pólizas de seguros da construción e a terceiros.
- Ficha do libro de subcontratación debidamente cumprimentada, conforme ó modelo que figura no Anexo da Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no Sector da Construción e demais documentación esixida pola devandita Lei.
- Certificación acreditativa da inscrición no Rexistro de Empresas Acreditadas de Galicia.

1.5. Subcontratación.

1.- O CONTRATISTA poderá subcontratar parcialmente as obras previo coñecemento e autorización de XESTUR, S. A., ata unha porcentaxe que non exceda do 60% do importe da adxudicación. En todo caso o adxudicatario deberá comunicar anticipadamente a XESTUR, S. A. a intención de celebrar os subcontratos, sinalando a parte da prestación que se pretende subcontratar e a identidade dos subcontratistas e xustificando suficientemente a aptitude deste para executala por referencia ós elementos técnicos e humanos de que dispón e a súa experiencia. No caso de que o subcontratista tivera a clasificación adecuada para realizar a parte do contrato obxecto de subcontratación, a comunicación desta circunstancia eximirá ó contratista da necesidade de xustificar a aptitude de aquel. Responderá dos subcontratistas ante a Dirección Facultativa e XESTUR, S. A., en todo o que alcance a súa participación na obra e, en particular, no que se refire a situacións laborais e de seguridade e hixiene no traballo. A subcontratación non libera ó CONTRATISTA da súa plena responsabilidade ante XESTUR, S. A..



Os subcontratistas quedarán só obrigados ante o contratista principal que asumirá, polo tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte a XESTUR, S. A., co arranxo estrito ós pregos de condicións e ós termos do contrato.

2.- En canto os subcontratistas instaladores, o CONTRATISTA dará conta a Dirección Facultativa e a XESTUR, S. A. coa suficiente antelación da empresa instaladora que se propón contratar.

En calquera caso XESTUR, S. A. poderá recusar subcontratistas por causas debidamente xustificadas.

3.- A fin de evitar problemas na obra por situacións de insolvencia, XESTUR, S. A. poderá en calquera momento esixir o CONTRATISTA que xustifique encontrarse o corrente das súas obrigacións de pago a subcontratistas e provedores da obra, tanto polo realizado nela como polos materiais incorporados a mesma.

4.- En todo caso, o CONTRATISTA obrigase a cumprir as obrigas que en materia de SUBCONTRATACIÓN establece a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no Sector da Construción, e demais normativa que a desenvolva, e deberá presentar a XESTUR, S. A., S.A. a documentación esixida pola precitada normativa, sen que poida ser autorizado a subcontratar sen o cumprimento deste requisito.

5.- En ningún caso poderá concertarse polo contratista a execución parcial do contrato con persoas inhabilitadas para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendido nalgún dos supostos do artigo 60 do TRLCSP.

2.- O PROXECTO

2.1. Viabilidade.

O CONTRATISTA procederá a comprobación do replanteo, declarando ter visitado o emprazamento e a zona de obras para coñecer a fondo os lugares inmediatos e adxacentes, así como as peculiaridades e características do terreo en que se desenrolarán os traballos. A sinatura da acta de comprobación terá lugar antes de establecer o plan de obra pormenorizado, reflexando na acta calquera incidencia que poida afectar o inicio das obras. En base a de todo elo, o CONTRATISTA acepta a responsabilidade da execución das obras no prazo contido neste contrato.

2.2. Realización.

O CONTRATISTA levará a cabo a total realización da obra con arranxo ao proxecto, prescricións técnicas do prego e conforme ás instrucións que reciba da Dirección Facultativa, debendo entregala a plena satisfacción de XESTUR, S. A. O contratista deberá dar proceder ao inicio ao día seguinte á sinatura da acta de comprobación de replanteo.

Corresponde a Dirección Facultativa, xulgar se a mesma foi correctamente executada, probado o seu bo funcionamento e cumpridas as condicións esixidas polo Control de Calidade para as distintas partidas que comprenden as obras.

Durante o desenvolvemento das obras e ata que se cumpra o prazo de garantía, o contratista é responsable dos defectos que na construción poidan advertirse.

2.3 Suficiencia do proxecto.



O CONTRATISTA, ó formular a súa oferta, virá obrigado a verificar o contido do Proxecto e os demais documentos que acompañan o mesmo. O proxecto, presuponse que é completo e recolle todas as partidas e unidades necesarias para executar total e correctamente as obras conforme ás boas prácticas da construción. Considéranse reciprocamente complementarias de este, os Planos, Medicións, Prezos Unitarios, así como calquera outra normativa de obrigado cumprimento, de tal forma que calquera traballo que apareza ou se deduza dos planos aínda que non apareza reflectido expresamente noutros documentos, ou viceversa, será realizado coma se aparecese en toda a documentación que integra o proxecto.

O desglose de partidas do orzamento enténdese que inclúe todos os traballos a realizar para a execución. Cando dentro dalgunha partida non estivesen detalladas todas as actividades necesarias para a súa completa e correcta realización, presupóñense igualmente contempladas e consecuentemente, incluídas no prezo da oferta.

Non obstante o contratista se o estima oportuno poderá solicitar por escrito no momento da formalización do contrato cantas aclaracións considere necesarias en relación coa execución dos proxectos, de non o facer así entenderase que acepta o seu contido.

2.4 Modificacións ou reformas do proxecto.

1. Por ningún motivo ou pretexto poderá o CONTRATISTA efectuar modificacións dos Proxectos sen conformidade de XESTUR, S. A., e sempre, previo informe da Dirección Facultativa.


Non se consideran modificacións dos proxectos as fundadas interpretacións do mesmo que xurdan do normal exercicio das atribucións que ten a Dirección Facultativa das obras, nin os excesos ou defectos de medición resultantes da propia execución dos Proxectos. Non entanto, se por decisión de XESTUR, S. A., se introducísen reformas nas obras que pola súa entidade non signifiquen unha modificación substancial das unidades dos Proxectos, o CONTRATISTA obrígase a executalas valorando estas unidades baseándose nos prezos contidos na oferta.

Cando se executen unidades de obra non consideradas nos Proxectos, os valores destas unidades, logo de proposta de Dirección Facultativa e informe do CONTRATISTA, fixaranse por XESTUR, S. A.. Non se admitirán aumentos no orzamento por execución de unidades non contempladas ou erros de medición nos proxectos, se estes non foron comunicados polo contratista e a dirección de obra a XESTUR, S. A., no momento en que se aprecien as devanditas unidades non contempladas ou erros.

2. En todo caso, calquera modificación ou variante será comunicada pola Dirección Facultativa ao CONTRATISTA a través do Libro de Ordes, dando coñecemento a XESTUR, S. A. cando as mesmas teñan transcendencia económica.

Os acordos e ordes que supoñan un incremento no Orzamento de Adxudicación quedarán supeditadas á aprobación definitiva de XESTUR, S. A., na súa calidade de titular da obra.

3.- En todo caso, o contrato só poderá modificarse nos casos expresamente previstos no artigo 107 do TRLCSP e cos límites que se establecen no mesmo. Nestes casos as modificacións acordadas polo Órgano de Contratación serán obrigatorias para o contratista.



A modificación do contrato acordada conforme ao previsto no artigo 107 do TRLCSP, non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación, e deberá limitase a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria, tendo en conta que, en ningún caso o conxunto das modificacións sucesivas non poderá superar o límite do 10% do prezo de adxudicación do contrato.

En caso de supresión ou redución de algunhas partidas ou unidades da obra contratada, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha.

3. EXECUCION DAS OBRAS

3.1. Normativa aplicable.

O CONTRATISTA cumprirá con todas as leis, normas ou regulamentos que sexan de obrigado cumprimento en función do ámbito de actuación e das características da obra. Asemade deberá asumir e aboar o custo de todos os permisos, dereitos, avais, etc. que sexan necesarios para a execución das obras.

3.2 Dirección Facultativa.

A Dirección Facultativa será a responsable de dirixir e controlar a execución do proxecto e os seus modificados, debendo o contratista cumprir as súas instrucións e colaborar con esta, informándoa coa debida antelación, de calquera incidencia, en particular, daquelas que supoñan o coñecemento de erros ou omisións dos propios proxectos.

3.3. Libro de ordes e Libro de Incidencias.

Na obra levarase un Libro de Ordes dilixenciado previamente pola Dirección Facultativa que se abrirá na data do replanteo das obras, pechándose coa Recepción. Neste Libro de Ordes anotaranse pola Dirección Facultativa as instrucións, comunicacións e ordes que considere oportuno dar o CONTRATISTA, o cal asinará o "decatado" das mencionadas ordes e instrucións.

Tamén se levará na obra cando procedese, o preceptivo "Libro de Incidencias sobre o Plan de Seguridade e saúde ", segundo o establecido polas disposicións vixentes.

3.4. Representante de XESTUR, S. A.

A representación de XESTUR, S.A. en todas as cuestións ostentaraa D. Jorge Carballeira Fernández, na súa condición de Xerente da Sociedade, podendo delegar esta representación en terceiras persoas cando se trate de cuestións técnicas.

O CONTRATISTA dará toda clase de facilidades para efectuar recoñecementos, medicións, comprobacións e probas dos materiais, así como para a inspección dos traballos en calquera dos seus tallos.

O CONTRATISTA deberá dispor na obra de oficinas debidamente acondicionadas onde os representantes de XESTUR, S. A. e a Dirección Facultativa poidan desenvolver as súas funcións.

En todo caso o contratista deberá facilitar ó Representante de XESTUR, S. A., información trimestral de siniestralidade, así como do estado das obras co visto bo da Dirección.

3.5. Técnico e persoal de obra.



O CONTRATISTA obrígase a ter na súa obra como Xefe un Técnico Titulado, con suficiente competencia e experiencia, e con atribucións para decidir en cada momento todo tipo de consulta, orde ou decisión para a que fose requirido pola Dirección Facultativa das obras ou por XESTUR, S. A..

XESTUR, S. A. e/ou a Dirección Facultativa poderán recusar ao longo da obra calquera destes técnicos ou especialistas, incluíndo o Xefe de Obra.

Para nomear novo Xefe de Obra requirirase a notificación á Dirección Facultativa e a XESTUR, S. A..

3.6. Condicións Laborais.

O CONTRATISTA acepta para sí a condición de patrono absoluto, exonerando de toda responsabilidade a XESTUR, S. A., quedando formalmente obrigado ao cumprimento das disposicións legais vixentes que lle incumban en materia laboral, seguridade social e seguridade e hixiene no traballo, respecto a todo o persoal propio ou subcontratado.

O CONTRATISTA queda obrigado a acreditar sempre que sexa requirido para iso, o cumprimento das obrigas anteditas mediante a exhibición da correspondente documentación.

O CONTRATISTA colaborará na adopción das medidas que se recomenden oficialmente na loita contra os accidentes.

3.7 Seguridade e Hixiene no traballo.

O CONTRATISTA haberá de atermos, ao R.D. 1627/97, e a calquera normativa que fose de aplicación en materia de seguridade e saúde, e prevención de riscos laborais, no momento de execución das obras.

Desta forma, e cando fose necesario segundo o R.D. 1627/97, deberá ser aprobado pola Dirección Facultativa, o Plan de Seguridade adaptado á obra.

O devandito Plan conterá todas as medidas previstas nos Proxectos, así como aquelas outras legalmente esixibles. Se durante a marcha da obra a Dirección Facultativa esixise novas medidas dentro do mínimo legal, o pretexto de non ser presupostadas non reducirá a competencia da Dirección Facultativa para a súa esixencia, nin determinará unha ampliación da cantidade presupostada na oferta.

O incumprimento do devandito Plan dará dereito a XESTUR, S. A. a penalizar o CONTRATISTA con retencións ou deducións de ata un 10% do orzamento de seguridade, deducíndoo de cada unha das certificacións correspondentes ao mes en que se produce o incumprimento do Plan. A maquinaria, equipos e ferramentas estarán en perfecto estado de uso, podendo rexeitar a Dirección Facultativa as que ao seu xuízo non cumpran os requisitos de funcionamento e seguridade para o uso a que se destina.

Asemade, o contratista deberá cumprir as obrigas que lle impón a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, modificada pola Lei 54/2003, así como o precitado R.D. 1627/97, e demais normativa concordante que lle sexa de aplicación en materia de prevención de riscos laborais.

3.8 Obras provisionais.

O CONTRATISTA ao seu cargo, custo e risco proverase das acometidas ou instalacións provisionais, tales como auga e enerxía, aboando os consumos correspondentes; así



como de todos aqueles medios que necesite para desenvolver o presente Contrato, incluíndo as obras provisionais, cerramentos, oficinas, almacéns, etc.

O CONTRATISTA terá a obriga de solicitar acometida de auga e saneamento, no caso de que fose preciso, e deberá abonar os gastos derivados desta solicitude; asemade deberá tramitar ante o Concello a SOLICITUDE DE ALTA de auga de obra e a correspondente BAIXA no momento de finalización da obra, debendo entregar copia da citada baixa coa documentación definitiva de obra.

3.9 Publicidade.

O CONTRATISTA queda autorizado a colocar exclusivamente a publicidade da súa empresa. Calquera outra publicidade deberá ser autorizada por XESTUR, S. A..

O CONTRATISTA obrígase o seu cargo, á confección e colocación dun cartel normalizado do titular da obra e de XESTUR, S. A., así como que poida corresponder en cumprimento das Ordenanzas Municipais.

3.10 Materiais.

Todos os materiais a colocar en obra deberán contar coa aprobación da Dirección Facultativa, así como cumprir as condicións que esixa o Control de Calidade.

Cando se leven a cabo acopios de materiais, a responsabilidade e custodia destes corresponde estritamente ao contratista, mesmo naqueles casos en que se certificasen total ou parcialmente estes acopios.

3.11 Control de Calidade.

O Control de Calidade e gastos de ensaio será por conta de XESTUR, S. A.

O control de calidade será encargado por XESTUR a empresas que, ao seu xuízo, resulten acreditadas para esta función, de acordo co plan de control presentado.

Os ensaios, cálculos e controis de calidade xerados como consecuencia da utilización de novos materiais ou modificacións de sistemas construtivos propostos polo CONTRATISTA e non consideradas no Proxecto, unha vez aceptados por XESTUR, S. A., consideraranse controis extraordinarios e serán de cargo da devandita empresa.

Os resultados de todos e cada un dos ensaios enviaranse ao CONTRATISTA, á Dirección Facultativa e a XESTUR, S. A..

3.12 Obras mal executadas.

Se a xuízo da Dirección Facultativa houberse algunha parte da obra mal executada ou os informes do Control de Calidade fosen negativos, poderá esixirse ao CONTRATISTA a súa demolición, estando obrigada a empresa a volvela executar na forma e prazo que fixe a Dirección Facultativa.

Estas obras non darán dereito ao CONTRATISTA a pedir cantidade ou compensación ningunha, nin a xustificar atrasos no prazo de execución.

3.13 Protección e vixilancia das obras.

O CONTRATISTA queda obrigado a vixiar e protexer a obra contra toda deterioración e dano durante o período de construción e ata a recepción provisional. Disporá de todos os medios necesarios que garantan a axeitada protección. Mesmo se por calquera circunstancia se requirisen medidas especiais de protección e vixilancia, as mesmas serán ao seu cargo.

3.14 Responsabilidades do Contratista, danos a terceiros, seguros.



O CONTRATISTA é responsable de cumprir o compromiso básico deste Contrato que é executar e rematar as obras ao seu risco e ventura. En consecuencia, expresamente acepta e asume toda responsabilidade fronte a terceiros polos danos que poida ocasionar a estes durante a execución das obras ou por causas derivadas de estas, tanto por acción ou omisión deste, dos seus operarios, empregados ou subcontratistas; obrigándose a corrixir ou reparar os devanditos danos, así como a reintegrar aqueles gastos que XESTUR, S. A. se vexa obrigada a realizar, para lograr a reparación de danos ou prexuízos causados polo contratista e que este non reparase ou indemnizado. Sen prexuízo do anterior, o CONTRATISTA vén obrigado a asegurar ata a recepción conforme das obras e durante o prazo de garantía, tanto o risco da construción de estas, como a cobertura da responsabilidade civil por danos a terceiros **debendo estar a cuberto mediante a subscripción da correspondente póliza de seguro a cobertura do cal deberá cubrir calquera responsabilidade civil do contratista derivada da realización da obra, así como a responsabilidade civil contractual derivada do presente contrato.**

En caso de sinistro, o importe das indemnizacións será aplicado integramente á reposición da obra, á situación inmediatamente anterior ao sinistro ou ao pagamento dos danos a terceiros, sen que iso libere o CONTRATISTA, se a indemnización resultará insuficiente para cumprir do compromiso básico deste Contrato.

3.15. Sinalización, e peche da obra.

Será obriga do contratista os traballos que se relacionan a continuación:

- O peche total do perímetro da obra, de tal forma que se evite a entrada a calquera persoa allea a esta, destacándose claramente os accesos de forma que queden visibles e identificables. Estes traballos realizaranse previo o comezo das obras, de acordo o R.D. 1627/1997, a normativa que fose de aplicación, e as prescricións da dirección facultativa e o coordinador de seguridade e saúde en fase de execución de obra.
- A colocación do cartel indicativo de obra. De acordo coa estipulación 3.9 deste contrato, situándoo en lugar visible.
- A sinalización dirixida a advertir preséncias de riscos, e recordar a existencia de prohibicións e obrigas, en sinais en forma de panel que se axusten ao disposto de acordo coas características da obra e o do RD 185/1997 e Anexos.

Os gastos ocasionados pola execución destes traballos, correrán totalmente a cargo do contratista adxudicatario das obras, estean ou non incluídos no orzamento de execución das obras ou no estudio de Seguridade e Saúde.

4. PRAZO DE EXECUCION DAS OBRAS.

4.1. Inicio das obras.

A data de inicio das obras para os efectos contractuais será a do día da sinatura da Acta de Comprobación do reformulo, unha vez obtida a licenza municipal correspondente. O prazo fixado neste contrato desenvolverase conforme ao plan de obra que se aprobe, que para os efectos da súa esixibilidade terá carácter contractual, incluídos os prazos parciais.

O CONTRATISTA con anterioridade abonda e á súa costa, facilitará á Dirección Facultativa as axudas, prestacións de man de obra e medios materiais e técnicos que requira para realizar o replanteo da obra.



Non poderán dar comezo as obras, sen realizar:

- O aviso previo á autoridade laboral (art. 18 do Decreto 1627/97). Para iso, previo á sinatura da Acta de replanteo a contrata facilitará os datos a XESTUR, S. A..

- A presentación polo contratista do Plan de seguridade e saúde, adaptado á obra, o cal non poderá implicar diminución dos niveis de protección previstos no estudo ou estudo básico de seguridade e saúde. O devandito plan será presentado ao Coordinador de Seguridade e Saúde, para a súa aprobación. Non poderán dar comezo as obras, sen a aprobación do dito organismo.

4.2 Inicio parcial das obras.

Se ao comezar as obras aparecen ou subsistisen obstáculos que impidan acometer os traballos cunha normal organización no seu conxunto, o plan pormenorizado de obra preverá os prazos necesarios para eliminar os devanditos obstáculos, e mesmo se fose necesario, o seu inicio parcial, acomodando o CONTRATISTA as súas actuacións na obra, persoal, maquinaria, medios auxiliares e abastos, ás posibilidades reais de execución, de tal forma que non procedan reclamacións económicas por este concepto.

4.3 Atrasos e penalizacións.

A demora na finalización dos traballos sobre os prazos contidos, levará consigo as penalizacións que procedan conforme ás cantidades determinadas no artigo 212 do TRLCSP.

As penalizacións aplicaranse non só ao prazo final senón tamén aos prazos parciais contidos no plan de obra. Estas cantidades serán deducidas por XESTUR, S. A. dos pagamentos inmediatos que teña que efectuar o CONTRATISTA.

4.4 Outros prazos.

Se, rematado o prazo estipulado para o fin da obra ou dalgunha das súas fases, subsistisen defectos a corrixir ou partidas a executar ordenadas pola Dirección Facultativa, XESTUR, S. A. instará o CONTRATISTA a súa execución no prazo que se determine. Expirado este, XESTUR, S. A. poderá ordenar realizar a obra pendente por si ou por medio doutro contratista.

Neste caso, o custo destas obras deducirase da liquidación final ao CONTRATISTA ou das retencións contractuais.

En calquera caso, XESTUR, S. A. poderá adiantar a súa entrada en posesión da obra sen esperar á terminación do prazo de finalización, cando o atraso inxustificable en que incorrera o CONTRATISTA fagan presumir, razoablemente, que o prazo final fixado no contrato fose de imposible cumprimento.

4.5 Atrasos Xustificados.

Só se considerarán atrasos xustificables os producidos por caso fortuíto, forza maior, decisión administrativa ou xudicial por causas non imputables ao contratista.

Estes atrasos xustificables, serán avaliados por acordo entre as partes, logo de informe de Dirección Facultativa.

En todo caso, sempre que o CONTRATISTA considere que existen causas xustificadas de atraso, comunicaraas á Dirección Facultativa e a XESTUR, S. A. dentro dos 5 días seguintes ao momento en que se producen, propoñendo os días laborables de ampliación de prazo, de non o facer, o CONTRATISTA, non poderá posteriormente esgrimir como xustificación de atrasos, as causas non denunciadas no prazo mencionado. A avaliación do atraso xustificable ou ampliación de prazo pactarase por escrito.

4.6 Suspensión das obras.

Se por calquera causa allea ao CONTRATISTA, as obras houberen de suspenderse total ou parcialmente por máis de tres meses, levantarase a acta correspondente asinada pola Dirección Facultativa e o representante de XESTUR, S. A.. O CONTRATISTA poderá propoñer a XESTUR, S. A. as condicións para a prosecución das obras, pactándose por escrito as que procedan.

De non mediar proposta específica, entenderase que o CONTRATISTA non esixe máis que a ampliación do prazo por un tempo igual ao da suspensión das obras.

5. PREZO E PAGAMENTO DAS OBRAS.

5.1. Prezo certo

1.- O prezo de adxudicación contido neste Contrato, **é certo a todos os efectos.**

No prezo estipulado considéranse incluídos todos os conceptos contidos no orzamento e todos aqueles que, sen estar detallados, se derivan do cumprimento das estipulacións deste contrato.

2.- Aboaranse ao CONTRATISTA as partidas executadas conforme ao proxecto ou as súas modificacións debidamente autorizadas por XESTUR, S. A.. En caso de supresión ou redución do volume de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización ningunha.

3.- O CONTRATISTA acepta o eventual aumento ou diminución do volume de obra contratado sen variación ningunha nos prezos.

Se por causa dalgunha modificación no Proxecto durante a execución das obras aparecen novas unidades non contempladas neste e fose preciso establecer os correspondentes prezos, os mesmos se fixarán de forma contraditoria (aplicándose ademais a baixa ofertada polo contratista). Estas novas unidades de execución non contempladas deberán ser comunicadas fehacientemente a XESTUR, S. A. e á Dirección de obras no momento en que aparezan, ao obxecto de comprobar a súa existencia. En caso de que non fose posible fixar o prezo de mutuo acordo, o CONTRATISTA obrígase a executar a unidade de obra correspondente que será certificada provisionalmente conforme ao prezo que propoña XESTUR, S. A., logo de informe de Dirección Facultativa, e a resultas da decisión que se adopte conforme á arbitrase prevista neste Contrato, salvo que XESTUR, S. A. opte por contratar as unidades de obra antes referidas con outro empresario, de conformidade co previsto no art. 234 do TRLCSP.

5.2 Revisións de prezo.

Non se aceptan revisións de prezo.

5.3 Forma de pago.

A obra irase pagando a medida que se realice por medio de certificacións mensuais, conformadas pola Dirección Facultativa e Técnica, e serán redactadas segundo o modelo de XESTUR, S. A..

O importe da última certificación de obra, non poderá ser inferior ao 10% do orzamento total de adxudicación.



O pagamento efectuarase mediante transferencia, obriga de pagamento ou letra de cambio aceptada, a **TRINTA DÍAS**, contados a partir da data en que XESTUR, S. A. reciba a certificación, sempre e cando a mesma sexa conforme. Para estes efectos as certificacións deberán presentarse á Dirección Facultativa dentro dos cinco primeiros días de cada mes. A Dirección Facultativa disporá de 7 días para o seu exame e conformidade, debendo remitila a XESTUR, S. A. á finalización deste prazo.

Unha vez recibida por XESTUR, S. A. procederase a verificar e comprobar a mesma no prazo de 7 días. En caso de conformidade, XESTUR, S. A. notificarao ao CONTRATISTA, entregándolle unha copia da certificación asinada e aceptada, na cal figurará a data de pagamento.

As Certificacións que se presenten nas oficinas de XESTUR, S. A., a partir do día 15, do mes en curso serán tramitadas, para os efectos de pagamento, ao mes seguinte.

En caso de desconformidade ou, de existir erros nas unidades, prezos ou operacións aritméticas XESTUR, S. A. devolverá a certificación para a súa subsanación, a cal deberá efectuarse nun prazo de 10 días. Superado este prazo sen emendarse as deficiencias, a certificación acumularase á do mes seguinte para os efectos de pagamento.

Todas as certificacións se entenderán como parciais a conta sobre cada un dos capítulos, sen que o seu pagamento supoña de forma ningunha, aprobación e recepción das obras que comprendan.

As certificacións conterán a relación valorada correspondente. Presentaranse **cinco exemplares** de cada certificación dos cales un se devolverá ao CONTRATISTA, unha vez conformado.

5.4 Retencións e Deducións.

Serán por conta do contratista os gastos de Control de Calidade, e Ensaíos, nos seguintes casos:

- Aqueles a realizar, como consecuencia do uso de materiais e/ou técnicas non previstas nos Proxectos, propostas polo contratista adxudicatario das obras.
- Aqueles resultados da cal non sexan satisfactorios, e que a criterio da dirección de obra e do servizo de Coordinación, deban de ser aboados polo contratista.

Todos estes ensaios, deberán de ser realizados pola empresa á que XESTUR, S. A. lle teña adxudicado o Control de Calidade nas obras.

Independentemente do anterior, XESTUR poderá reter o CONTRATISTA ou deducir de cada certificación segundo o caso, a contía correspondente ao previsto nas estipulacións 3.7, e 4.3.

6. GARANTIAS E FIN DO CONTRATO.

6.1.- Garantías

1.- O CONTRATISTA garante as obras obxecto deste Contrato como mínimo por un período dun ano, contado a partir da data de Recepción, así como durante aquel tempo que esixan outras disposicións legais en función da natureza e características das obras.

O Contratista adxudicatario presentará garantía definitiva por un importe do 5% do orzamento de adxudicación do contrato.

2.- En caso de resolución de Contrato ou sometemento de diferenzas ao laudo arbitral ou xuízo, as garantías quedarán afectadas á resolución do litixio.

6.2 Recepción das obras.

1.- A Recepción das obras terá lugar dentro do mes seguinte a súa terminación. Á mesma acudirán XESTUR, S. A., o CONTRATISTA, a Dirección Facultativa, e un representante municipal se procedese.

Se por acordo de todas as partes (XESTUR, S. A., o Concello, e a Dirección Facultativa), considerácese que as obras atópanse en bo estado, e executadas con arranxo aos Proxectos ou os seus modificados, daranse por recibidas, levantándose Acta desta Recepción, a cal determinará o inicio do prazo de garantía.

Será requisito indispensable para recibir as obras que fose entregada a documentación final de obra, que acredita o cumprimento das obrigas do contratista, entendendo, aos efectos do establecido no art. 110 do TRLCAP, que a obra non está rematada en tanto a propiedade non dispoña da citada documentación.

Cando as obras non estean en estado de ser recibidas a xuízo da Dirección Facultativa, levantarase Acta de Recepción con desconformidade, na cal farase constar as instrucións precisas e detalladas da Dirección Facultativa a fin de que o CONTRATISTA remedie os defectos observados, fixando o prazo para emendalos. Expirado este, farase un novo recoñecemento para determinar se procede ou non a recepción. En calquera caso a partir deste momento as obras pasarán a prestar o servizo para que foron construídas.

Se o contratista non emendase os defectos observados no prazo concedido para iso, o promotor poderá esixir a aquel a súa subsanación ou realizar as obras necesarias a custa do contratista.

2.- A recepción con conformidade terá os seguintes efectos:


- a) Data de inicio do prazo de garantía para toda a obra.
- b) Entrega das obras polo CONTRATISTA e recepción por parte de XESTUR, S. A., con entrada na súa plena posesión. Non entanto, o CONTRATISTA manterá a súa obrigación de corrixir as insuficiencias que se detecten durante o prazo de garantía.

Liquidación das obras:

Recibidas as obras con conformidade, abrirase un prazo de seis meses, contados dende a data da acta de recepción para proceder a efectuar a liquidación das obras. Confeccionándose unha certificación recoñecendo o CONTRATISTA que na mesma se encontran incluídas tódalas cantidades ás que poda ter dereito con arranxo ó contido deste contrato, procedéndose no seu caso a aboarse o saldo resultante.

6.3 Prazo de garantía.

O prazo de garantía é de UN ANO contado a partir do acta de recepción con conformidade. Durante este prazo o CONTRATISTA responderá da calidade da obra, defectos de execución ou calquera outra circunstancia referida ao correcto funcionamento das súas instalacións, fóra diso os vicios ocultos cuxa responsabilidade perdurará de acordo co que establezan as disposicións legais vixentes que sexan de aplicación.



No caso de que estando obrigado o CONTRATISTA a executar obras indicadas pola Dirección Facultativa sen que se levaron a cabo, o período de garantía contarase a partir do momento da súa finalización.

Finalizado o prazo de garantía, procederase a solicitar da Dirección Facultativa informe sobre o estado da obra e a corrección das deficiencias, no seu caso, devolvéndose o aval/seguro caución presentado, en concepto de garantía, de cuxo importe poderán deducirse aquelas reparacións que, a xuízo da Dirección Facultativa, fosen necesarias e que non foron realizadas polo CONTRATISTA., ou ben, se o informe fose desconforme respecto da subsanación de deficiencias, a Dirección Facultativa poderá impartir instrucións precisas e detalladas, a fin de que o contratista remedie os defectos observados, fixando prazo para emendalos, nese caso non se procederá á devolución do aval /seguro caución ata a subsanación das deficiencias.

En calquera caso, se con posterioridade á recepción das obras e á finalización do prazo de garantía, aparecen vicios ocultos na construción debidos ao incumprimento do contrato polo CONTRATISTA ou subcontratistas, o primeiro responderá dos danos e prexuízos nos termos que en cada caso teña a lei establecidos. En concreto, o contratista responderá dos vicios ocultos da construción, derivados da causa antes indicada, polo prazo que establece o artigo 236 do TRLCSP. Esta responsabilidade do contratista por vicios ocultos da construción comprenderá non só a ruína total do edificio, senón tamén a ruína funcional deste, debida aos danos materiais causados no edificio por vicios ou defectos dos elementos construtivos ou das instalacións que ocasionen o incumprimento dos requisitos de habitabilidade previstos no apartado 1, letra c), do artículo 3 da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación.

O CONTRATISTA responderá polos danos ou prexuízos que se ocasionen a terceiros e aos que deba facer fronte, ben o propio CONTRATISTA ou ben o promotor, se o CONTRATISTA non o fixese na forma establecida no apartado 3.14 deste documento.

A finalización do prazo de garantía, a xustificación de estar efectuadas todas as obras e a liquidación e devolución da fianza, recollerase nunha única Acta Fin de Período de Garantía que asinarán o CONTRATISTA, a Dirección Facultativa, XESTUR, S. A. ,y o Concello se procedese, en proba de conformidade.

6.5 Resolución do Contrato.

Serán causas de resolución do Contrato:

- 1) O mutuo acordo.
- 2) As previstas nos artigos 223 e 237 do TRLCSP.

Cando por calquera das causas citadas, unha das partes comunique á outra a decisión de rescindir o Contrato, efectuarase a inmediata paralización da obra e procederase ao levantamento dunha Acta Notarial para facer constar o seu estado, precisando as partidas realizadas e as medicións correspondentes. A Acta instrumentarase pola Dirección Facultativa con asistencia ou citación das partes.

Se a rescisión se produce por iniciativa de XESTUR, S. A. baseada en calquera das causas previstas nesta estipulación, a formalización da Acta antedita producirá o efecto inmediato e automático de entrar XESTUR, S. A. na plena posesión e dispoñibilidade sobre a obra, sen que o CONTRATISTA poida opoñer a iso acción ou excepción ningunha de carácter posesorio, toda vez que para este caso fai expresa renuncia a

calquera tipo de acción ou protección posesoria. Así mesmo esta resolución levará aparellada a perda das garantías e non determinará para o CONTRATISTA dereito de indemnización algunha, podendo XESTUR, S. A. reclamar as indemnizacións por danos e prexuízos que procedan.

Consideraranse en todo caso causa de resolución do contrato as recollidas no TRLCSP.

6.6 Diferenzas entre as partes.

Respectadas as competencias e decisións propias da Dirección Facultativa que se lle atribúen neste Contrato, as diferenzas deberán ser resoltas por común acordo entre as partes. De non se alcanzar o devandito acordo, procederase como segue:

- Cando a diferenza en discusión non supere o 20% do importe do orzamento da obra, as partes someteranse á arbitrase privada regulada pola Lei, sobre a base de tres árbitros. Un nomeado por cada parte e, o terceiro, nomeado por acordo de ambas as dúas partes ou subsidiariamente, por sorteo entre Técnicos titulados competentes pertencentes aos Colexios Profesionais da provincia de Lugo

- Cando a diferenza en discusión excedese do devandito 20%, as discrepancias poderán formularse por calquera das partes ante os tribunais de Lugo, aos cales se someten expresamente as partes.

O presente Contrato poderá ser elevado a escritura pública sendo os gastos de formalización de cargo de quen o eleve.

Non obstante o anterior, se se suscitase reclamación xudicial, os gastos de outorgamento da citada escritura, serán a cargo da parte que resulte condenada, aínda que previamente fosen satisfeitos pola outra.

En proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan o presente Contrato que se estende por duplicado e a un só efecto, rubricando todos e cada un dos seus folios no lugar e data indicada ao principio.

Asdo: Jorge Carballeira Fernández

Asdo:

INCORPORANSE COMO ANEXOS Ó CONTRATO OS SEGUINTE DOCUMENTOS:

- ANEXO A. CARACTERÍSTICAS XERAIS DOS TRABALLOS (PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS)
- ANEXO B. OFERTA ECONÓMICA
- ANEXO C. MELLORAS OFERTADAS (se é o caso)



ANEXO 8: MODELO AVAL

A entidade, con enderezo social en, e C.I.F., ante XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR S.A., con enderezo en Área Central, Local 25-Z, 1º andar, Polígono As Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela e C.I.F. A-70392758, ata a cantidade que constitúe límite máximo do compromiso que polo presente adquire, por importe de euros, para responder en concepto de GARANTÍA DEFINITIVA do cumprimento das obrigas que se deriven da execución da obra ".....".

A entidade fiadora renuncia expresamente a calquera beneficio que puidera corresponderlle e moi especialmente aos de orde, división e excusión comprometéndose a atender, a primeiro e simple requirimento, todas as peticións que XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A. lle realice con respecto a este aval, aboándose os importes que o mesmo puidere solicitar, bastando para elo que llo comunique fehacientemente por escrito. A atención á petición, realizarase sen opoñer dita entidade fiadora excusa algunha, incluíndo a oposición do avalado, en relación coa execución do presente aval.

O presente aval terá validez, ata que XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR S.A. autorice expresamente a súa cancelación.

Os asinantes deste aval están debidamente autorizados, en virtude das escrituras públicas de apoderamento outorgadas polos Notarios.....

O presente aval foi inscrito con data, no Rexistro Especial de Avals desta entidade co nº



II.- PREGO DE CONDICIONS TÉCNICAS PARTICULARES.

INTRODUCCIÓN

O presente Prego de Prescricións Técnicas, ten como fin o de completar a definición técnica das obras a contratar, así como describir, ademais do estipulado no contrato de obras correspondente, as condicións técnicas que se esixirán na execución das mesmas.

A prestación do contrato deberá reunir as características técnicas que figuran no Proxecto correspondente, ademais do especificado no presente PREGO DE CONDICIONS TÉCNICAS PARTICULARES.

Este documento formará parte do contrato, segundo o estipulado no "Contrato de obras de OBRAS DE ELECTRIFICACIÓN E REMATE DO ALUMEADO PÚBLICO. PARQUE EMPRESARIAL DE TABOADA (LUGO)", a subscribir entre a empresa adxudicataria e Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.

O Proxecto Técnico formará parte do contrato de obras a asinar polo adxudicatario, quen declarará coñecer no momento da sinatura de dito contrato.



1. PROXECTO ANEXO A ESTE PREGO. RESUME DO ORZAMENTO DE LICITACIÓN

A continuación indícase o Proxecto Técnico, que o licitador deberá ter en conta á hora de facer a Oferta, documento que, xunto ó Prego de Condicións Técnicas, estarán a disposición das empresas durante a fase de licitación.

- *"PROYECTO DE OBRAS DE ELECTRIFICACIÓN Y REMATE DEL ALUMBRADO PÚBLICO. PARQUE EMPRESARIAL DE TABOADA (LUGO)"* redactado en Xuño de 2.016 polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. Antonio López López.

O documento referido anteriormente formará parte do contrato de obras a asinar polo adxudicatario, quen declarará coñecer no momento da sinatura de dito contrato, e do que resulta o seguinte ORZAMENTO de licitación:

DESGLOSE DO ORZAMENTO DE LICITACIÓN DAS OBRAS DE ELECTRIFICACIÓN E REMATE DO ALUMEADO PÚBLICO. PARQUE EMPESARIAL DE TABOADA (LUGO)

ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:

1 OBRA CIVIL	Orzamento en €
1.0 MOVIMENTO DE TERRAS	14.120,60 €
2.0 FIRMES E PAVIMENTOS	14.926,32 €
3.0 REDE DE SANEAMENTO	5.085,25 €
4.0 OBRA CIVIL. CANALIZACIÓNS ELÉCTRICAS	66.380,69 €
5.0 OBRA CIVIL. ALUMEADO PÚBLICO	16.322,94 €
6.0 XESTIÓN DE RESIDUOS	1.200,00 €
5.0 CARTEL DE OBRA, SEGURIDADE E SAÚDE E LIMPEZA E TERMINACIÓN DAS OBRAS	1.964,20 €
TOTAL ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	120.000,00 €
13% de gastos xerais	15.600,00 €
6% de beneficio industrial	7.200,00 €
Suma ORZAMENTO EXECUCIÓN POR CONTRATA	142.800,00 €



2. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS A TER EN CONTA NAS OFERTAS.

O ofertante deberá ter en conta na súa oferta as seguintes prescricións técnicas:

GASTOS POR CONTA DO ADXUDICATARIO

Serán por conta do adxudicatario tódolos gastos necesarios para a total execución das obras, así como aqueles gastos xerados polo corte de servizos das infraestruturas existentes, peticións de permisos ou subministracións provisionais á obra, así como a legalización de tódalas instalacións asumindo os custos necesarios para a súa obtención. Así mesmo, tamén serán a cargo do adxudicatario o custo dos avais que sexan precisos como garantía da execución das obras ante calquera administración ou órgano público.

Na súa oferta o licitador deberá ter en conta ademais do recollido no Proxecto correspondente o estipulado neste Prego de Prescricións Técnicas, podendo, se o estimase oportuno, incorporar un ORZAMENTO ADICIONAL que contemple as unidades de obra que, ao seu xuízo, sexan necesarias e non foran contempladas no proxecto correspondente, así como as esixidas neste Prego de bases. De non presentar o ofertante un orzamento adicional, considérase que acepta tódalas condicións recollidas tanto no Prego como no Proxecto Técnico.

OFERTAS HOMOXÉNEAS

Coa finalidade de que tódalas ofertas presentadas neste concurso sexan homoxéneas, deberanse adaptar ás prescricións técnicas establecidas nos distintos documentos do Proxecto de Urbanización (memoria, planos, prego de condicións, orzamento e prego de prescricións técnicas particulares), nos Anexos, e neste Prego de Bases, en canto a materiais e sistemas construtivos se refire.

3. ABONO DAS OBRAS. PRESCRICIÓNS COMPLEMENTARIAS O CONTRATO

O abono das obras realizarase segundo o contrato de obras, o proxecto de execución, e a seguintes prescricións:


ABONO DAS PARTIDAS ALZADAS

Partidas Alzadas a Xustificar

Non procederá o abono das partidas alzadas, sen previa elaboración dos prezos e a súa xustificación por parte da dirección facultativa, así como a aprobación por parte de Xestión do Solo de Galicia, Xestur, S. A.

As partidas alzadas a xustificar valoraranse aos prezos da adxudicación con amaño as condicións do contrato e o resultado das medicións correspondentes. Cando os prezos dunha o varias unidades de obra non figuren nos prezos contemplados no proxecto, procederase a introdución dos novos prezos baixo as seguintes condicións:

- Que o importe total de dita partida non exceda do importe da mesma que figure no proxecto



- Aprobación por Xestur, S.A. da xustificación dos novos prezos e a descomposición da partida alzada.

Partidas Alzadas de abono íntegro

As partidas alzadas de abono íntegro aboaranse ao contratista na súa totalidade unha vez finalizados os traballos ou obras a que se refiran, segundo as condicións do contrato e previa xustificación e aprobación por Xestur, S. A. Cando as especificacións dos traballos ou obras que formen parte dunha partida alzada de abono íntegro non figuren nos documentos contractuais do proxecto, ou figuren de modo incompleto ou impreciso, aos fins da súa execución estarase ás instrucións que a tales efectos dite a Dirección de Obra.

PREZOS NON CONTEMPLADOS NO PROXECTO

Cando sexa preciso empregar materiais ou executar unidades de obra que non figuren no proxecto, requirirase **previa á execución das correspondentes obras:**

a. Informe proposta pola Dirección de Obra.

Dita proposta sobre os novos prezos realizarase a partir dos prezos elementais fixados no proxecto.

Cando exista no proxecto desglose de prezos unitarios, os novos prezos basearanse nestes. No seu defecto, estimarase polo Director de Obra o desglose en prezos unitarios de cada unidade de obra recollida no proxecto.

En todo caso manteranse os prezos do proxecto correspondente á man de obra e aos medios auxiliares.

En canto aos prezos non contemplados no proxecto, os novos prezos unitarios calcularanse a partir dos prezos de mercado correspondentes á data que tivo lugar a adxudicación.

b. Aprobación por Xestión do Solo de Galicia, Xestur, S. A.

En calquera caso os novos prezos aprobados por Xestur, S.A. consideraranse incorporados a todos os efectos nos cadros de prezos do proxecto.

VARIACIÓNS DAS UNIDADES DE OBRA PREVISTAS NO PROXECTO

Non procederá o abono do incremento das unidades de obra previstas no proxecto **sen previa comunicación e xustificación** por escrito por parte da dirección facultativa, así como sen a aprobación por parte de Xestión do Solo de Galicia, Xestur, S. A.

Unha vez aprobadas ditas variacións recolleranse na certificación correspondente, de xeito que sexa especificado claramente que corresponden a un incremento de medición sobre o previsto.

4. PROCESO DE EXECUCION DAS OBRAS

As prescricións a esixir, previa á execución das obras, e atendendo a súa fase son as seguintes:

PREVIO O COMEZO DAS OBRAS

Unha vez sexa asinado o contrato de obras correspondente deberán entregarse a Xestur, S. A. os seguintes documentos:

1. **PLANING DE OBRA** pormenorizado. Dito planing deberá de ser aprobado pola dirección facultativa.
2. **PLAN DE CONTROL DE CALIDADE** previsto para as distintas fases da execución das obras, que deberá ser redactado pola dirección facultativa.
3. **PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE**, redactado polo adxudicatario das obras e aprobado pola Dirección Facultativa e o Coordinador de Seguridade e Saúde. Unha vez aprobado dito plan deberase remitir dito documento a Xestur, S. A., xunto coa Acta de aprobación.
4. Aportación dos datos reais, por parte do adxudicatario das obras, para realizar o **AVISO PREVIO** a Autoridade Laboral, de acordo co *RD 1627/1997*.

A súa vez, realizaranse os traballos de **REPLANTEO PREVIO** baixo a supervisión da Dirección Facultativa das obras, onde comprobarase a adaptación ó terreo das obras proxectadas facendo especial atención aos seguintes aspectos :

1. **Delimitación das obras:** delimitación física dos terreos obxecto das obras de urbanización, co correspondente pechamento das obras e delimitación da propiedade.
2. Posible existencia de **viais públicos afectados** polas obras a executar.
3. Posible afección a **fincas particulares e viais públicos**, así como dos camiños para acceso ás mesmas.
4. Posible afección a **infraestruturas existentes** (liñas aéreas ou soterradas, vieiros, canalizacións...), para súa comunicación, previo ao comezo das obras ós diferentes organismos titulares das mesmas ou as empresas subministradoras.
5. Comprobación do levantamento topográfico referido ao estado actual do terreo recollido no proxecto, así como das correspondentes **BASES DE REPLANTEO**. Estas comprobacións axustaranse a o indicado para esta fase no apartado deste Prego "PRESCRICIÓNS TÉCNICAS ESPECÍFICAS PARA O MOVEMENTO DE TERRAS." Ditas bases deixaranse fixas e perfectamente localizables durante todo o proceso construtivo.
6. **Coordinación do proceso construtivo coas empresa subministradoras de servizos urbanísticos**, neste caso UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN. Previo ao inicio do comezo das obras correspondentes de electrificación, sobre todo no que se refire a actuación nas liñas existentes (desvíos de liñas, cortes de subministros, traballos en tensión...).

Calquera incidente detectado previo ao comezo das obras, ben en relación cos puntos indicados anteriormente ou outros de importancia, deberá ser comunicado a Xestur S.A., previo á sinatura da Acta de Replanteo.



COMEZO DAS OBRAS

Una vez aportados tódolos datos recollidos no apartado anterior, e realizadas as comprobacións precisas para o replanteo previo, procederase á sinatura da **ACTA DE COMPROBACION DO REPLANTEO E VIABILIDADE**, dando comezo, ao día seguinte, o prazo previsto para a execución das obras.

Na sinatura de dita Acta o contratista adxudicatario aceptará a descrición do estado actual do terreo segundo o proxecto técnico e, en concreto, ao referido á taquimetría do mesmo e os perfís recollidos en dito proxecto, non podendo realizar posteriormente reclamación algunha referido ao estado do terreo natural.

Comezadas as obras procederase a apertura do LIBRO DE ORDES E LIBRO DE INCIDENCIAS por parte do técnico designado por Xestur S. A. para levar a cabo as labores de Dirección Facultativa e Coordinación de Seguridade e Saúde. Ambos documentos, xunto ao PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE APROBADO, deberán estar presentes en todo momento nas obras, debendo ser **custodiados polo Contratista** adxudicatario.

FINALIZACION DAS OBRAS

Finalizadas as obras procederase, previa a Recepción, aos seguintes trámites:

- Emisión do **Certificado final de obra** por parte da Dirección Facultativa, independente para a obra civil e para a obra de electrificación.
- Aceptación das obras obxecto de cesión por parte da compañía eléctrica subministradora, mediante a subscripción da correspondente Acta de Entrega.
- Aceptación por parte do Concello, independentemente que Xestur, S.A. poida demorar este trámite ata a sinatura da acta de recepción.
- Legalización administrativa das instalacións, contemplando a obtención da alta das instalacións por parte da Consellería de Innovación e Industria e demais tramitacións precisas.
- Realización de ensaios e probas sobre as instalacións que verifiquen a correcta execución das mesmas, segundo indicacións da Dirección Facultativa e a normativa vixente.

Toda a documentación anteriormente indicada xuntarase como Anexos á Acta de Recepción.

5. OBRAS A EXECUTAR. PRESCRICIÓN S TÉCNICAS COMPLEMENTARIAS AO PROXECTO.

En relación as diferentes unidades de obra a executar, e independentemente da súa definición nos proxectos correspondentes, esixirase durante a execución das obras e como complemento ao Proxecto de Urbanización correspondente as seguintes prescricións técnicas

5.1 MOVEMENTO DE TERRAS.



Os traballos a executar polo Contratista referidos ao Movemento de Terras axustaranse ao exposto a continuación, atendendo ás distintas fases do proceso construtivo e sendo a Dirección Facultativa a encargada das tarefas de control, seguimento e supervisión de ditos traballos.

1ª.- FASE DE COMPROBACIÓN DOS DATOS DO PROXECTO

As seguintes comprobacións, realizaranse previa a sinatura a acta de replanteo.

- **BASES DE REPLANTEO**

Comprobación e localización das Bases recollidas nos proxectos. Estas deberán de estar **perfectamente localizadas e custodiadas polo contratista, perante o proceso de execución** das obras. Ditas bases non poderán ser modificadas sen previa aprobación pola Dirección Facultativa e comunicación a Xestur, S. A.

Tódolos datos aportados deberán de vir referidos a ditas Bases, tanto os facilitados polo Contratista como pola Dirección Facultativa.

Poderán ser empregadas bases auxiliares ás mesmas, debendo de ser previamente comprobadas pola Dirección Facultativa das obras.

- **COMPROBACIÓN DOS DATOS DO PROXECTO**

A partir de ditas Bases, o contratista comprobará o **estado natural dos terreos** segundo a documentación recollida nos proxectos: perfís, taquimétrico, etc, referida a tódolos terreos afectados polas obras de urbanización: vías, parcelas, etc...

Para elo, deberá de realizar os traballos previos que precise necesarios para comprobar a taquimetría do terreo como os traballos de desbroce, limpeza, etc...

Se a xuízo do contratista existira algunha diferenza no terreo natural co recollido no proxecto, deberá de ser comunicado á Dirección Facultativa, aportando os datos que xustifiquen ditas diferenzas.

Realizadas as comprobacións necesarias entre a Dirección de Facultativa e o Contratista, aquela comunicará a Xestur, S. A. a procedencia de asinar a ACTA DE COMPROBACIÓN DE REPLANTEO.

En dita Acta indicarse por parte da Dirección Facultativa e do Contratista o estado natural do terreo, ben por remisión ao correspondente Proxecto ou xuntando á dita acta o taquimétrico correspondente coas variacións incorporadas, así como calquera aclaración ao respecto.

2ª.- FASE DE COMPROBACIÓN DO MOVEMENTO DE TERRAS

O proceso de execución do capítulo de movemento de terras requirirá un control tanto da escavación como do terraplenado, non podendo dar comezo cada unha das fases que se describen sen comprobación por parte da dirección facultativa dos correspondentes perfís do terreo, os que xustificarán o movemento de terras realizado.

Dita documentación xuntarase á certificación de obra correspondente así como o listado de medicións: non procederá o abono das certificacións sen ditas comprobacións.

Os perfís a presentar serán os de proxecto, onde se engadirá graficamente o trazado do movemento de terras realizado, xuntándose a dito plano un estado da medición entre ditos perfís.



A. ESCAVACIÓN DE TERRA VEXETAL

Unha vez realizada a escavación de terra vexetal comprobaranse os perfís correspondentes aos planos de proxecto, aportándose o listado de medicións. Terase en conta o exposto no apartado sobre "outras consideracións a ter en conta no capítulo de movemento de terras".

B. ESCAVACIÓN NON CLASIFICADA

Unha vez retirada a capa de terra vexetal, procederase a escavación non clasificada, contemplando dentro deste apartado a escavación de calquera tipo de terreo, incluído rocha, incluíndose no prezo correspondente tódolos medios auxiliares precisos para a súa total execución, así como o emprego de explosivos ou outros medios no caso de existencia de rocha, etc...

Despois de escavación de rocha realizarase de novo a actualización dos perfís e o listado de medicións.

Deberá de indicarse pola Dirección Facultativa o material que poderá empregarse no terraplenado e a localización das zonas onde se empregará este.

Asemade, a Dirección Facultativa **aprobará, previa a execución das escavacións o tipo de explosivo a empregar**, atendendo as características do terreo e das obras. O tipo de explosivo elixido non poderá dar lugar a variación algunha do prezo recollido no proxecto.

C. TERRAPLENADO

Non poderá dar comezo o proceso de terraplenado sen aviso previo á Dirección facultativa, para proceder á comprobación topográfica do fondo de escavación. No proceso de execución de obras deberá ser controlado o material empregado no terraplenado procedente da escavación do propio parque, así como a súa localización, con aportación de perfís, listado e indicación de zonas onde empregar dito material.

Todo o terraplenado realizarase en capas de **25 cm de espesor** e cunha compactación do **95%** do Proctor Modificado en cimentación e núcleo, e do **100%** en coroación.

Establécense no proxecto dous tipos de terraplenados e, como complemento, indícase o seguinte :

C.1 TERRAPLENADO con material procedente da escavación

O material empregado como terraplén ou pedraplén, procedente da propia escavación deberá ser "**ADECUADO**", segundo PG-3, para o que deberá realizarse unha selección previa do mesmo desbotando o material que non reúna ditas características. Se parte do material no cumprira ditas condicións deberá ser previamente autorizado o seu emprego pola dirección facultativa. En dito caso empregarase no fondo do terraplén.

En ningún caso admitirase a terra vexetal como material de recheo en ningunha das zonas do parque, a excepción do necesario para os acondicionamentos de xardíns e zoas verdes, e sempre seguindo as indicacións da Dirección Facultativa.



C.2 TERRAPLENADO con material procedente de préstamo

O material a empregar na obra para a coroación de terraplén deberá ser "**SELECCIONADO**", segundo PG-3, ben sexa procedente de préstamo ou de canteira, e non será aceptado aquel material que non cumpra estas características.

Se dada a capacidade portante do terreo, e despois de realizados os correspondentes ensaios, a Dirección de Obra estimase a procedencia de modificar o tipo de explanada sobre a que se asentan os vieiros, presentará un informe previo a Xestur, S. A. para a súa aprobación, onde se definirán as modificacións con respecto ao proxecto.

Se o material a empregar fose modificado por outro de características inferiores, aboariase o prezo contradictorio, se este non existira no proxecto.

Previa á execución dos traballos correspondentes ao terraplén, deberán realizarse os ensaios de control necesarios, a aceptación pola Dirección Facultativa dos materiais a empregar e a súa correcta valoración dentro de cada partida.

Unha vez aceptados estes, deberán localizarse os lugares onde realizar ditos terrapléns.

De igual forma que nos apartados anteriores, deberá xustificarse na certificación de obras correspondente **os perfís actualizados** así como o **listado de medicións**, onde se distinga claramente a ubicación destes materiais empregados como terraplén.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS A TER EN CONTA NA EXECUCIÓN DO CAPÍTULO DE MOVEMENTO DE TERRAS

Tódalas medicións, aos efectos de valoracións das obras, realizaranse sobre perfil natural (escavación), ou perfil de terreo compactado (terraplenado).


Inclúese no prezo unitario de cada unha das unidades de obra todos aqueles traballos necesarios para a súa execución: transporte, carga, compactación... estean ou non incorporados no prezo descomposto correspondente.

ESCAVACIÓNS:

- A valoración de cada tipo de escavación deberá de vir xustificada polas medicións e perfís correspondentes.
- Non poderá procederse ao comezo da escavación non clasificada sen a presentación previa da medición e perfís (aprobados pola dirección facultativa), unha vez retirada a terra vexetal.

VERTEDOIRO AUTORIZADOS

- Tal e como se indica no apartado de prescricións medioambientais, tódolos materiais procedentes das escavacións, e que non sexan reutilizados nas obras, deberán ser cargados, transportados e descargados en vertedoiro autorizado, sendo por conta do contratista, tanto a solicitude e tramitación dos correspondentes permisos, como os canons e calquera gasto consecuencia destes traballos. Baixo ningún concepto ditos materiais poderán quedar acopiados no lugar das obras, se non é expresamente autorizado pola Dirección Facultativa.



5.2 TAPAS DE REXISTRO

Tódalas tapas de rexistro levaran grafitada a denominación da rede a que se refiran: abastecemento, pluviais, fecais, media tensión, baixa tensión, alumado público, etc, ademais todas elas serán de fundición dúctil, abisagradas, e de 40 Tm. de resistencia, tanto as que se sitúen na beirarrúas como na calzada.

As tapas, enreixados e marcos, sen excepción levaran marcado de:

- EN124
- Da clase (D 400)
- O nome e/o sigla do fabricante e o lugar de fabricación (pode estar esta información en forma de código)
- A marca dun organismo de certificación.

Ademais, tódalas tapas dos pozos de rexistro das redes de evacuación de augas pluviais e fecais serán do modelo que ven a empregar Xestur, S. A., de fundición dúctil, tipo REXEL o similar, con sistema antirrobo. Tamén todas elas de 40 Tm. de resistencia.

5.3 REDE DE SANEAMENTO DE AUGAS PLUVIAIS

En canto as canalizacións proxectadas na rede de evacuación de augas pluviais, as tubarias de PVC serán de parede compacta do tipo SN-4.

5.4 OBRAS DE ELECTRIFICACIÓN

A empresa que execute as obras de electrificación deberá ter a capacitación administrativa para o tipo de obras a executar, debendo de ser **"Instalador autorizado" e HOMOLOGADO POLA EMPRESA SUMINISTRADORA DE ENERXÍA ELÉCTRICA DA ZONA**, debendo, unha vez finalizadas as obras, presentar toda a documentación precisa que xustifique a legalización das mesmas: boletíns e certificados de alta das instalacións. Non procederá a recepción das mesmas sen a entrega dos documentos que o acrediten.

ENTRONQUE NA REDE EXISTENTE. TRABALLOS EN TENSIÓN

Será por conta do adxudicatario a realización de tódolos traballos ao prezo de licitación, para o entronque coa liña de Baixa Tensión do Parque Empresarial, tanto o que se refire a obra civil necesaria, como a obra eléctrica, mao de obra e materiais.

Os entroques na rede de Media Tensión, realizarase da forma que estime oportuna a compañía subministradora, mediante a instalación dun grupo electrógeno móbil, ou ben realizando os traballos en tensión .

No caso de ter que realizar traballos en tensión, realizaranse por empresas autorizadas a tal fin, tanto sexa a empresa adxudicataria das obras como subcontratas do contratista principal. O adxudicatario previa a realización de ditos traballos comunicará



por escrito a Dirección Facultativa e a Xestur o nome da empresa que executará ditos traballos.

O ofertante poderá incluír na súa oferta unha partida destinada a tal fin. Se non é así estimarase que os gastos que ocasionen ditos traballos estarán incluídos na oferta que presente o participante, aínda que non estean especificados no correspondente proxecto.

6. PRESCRICIÓNS MEDIOAMBIENTAIS

O contratista adxudicatario deberá de cumprir a Normativa aplicable en materia medioambiental perante a execución das obras e, se o estimase preciso, incorporará na súa oferta un orzamento adicional ou as aclaracións que considere oportunas para cumprir ditas prescricións. De non ser así as tarefas resultantes para o cumprimento deste apartado consideraranse incluídas na oferta presentada polo concursante.

O cumprimento das condicións medioambientais expostas neste Prego, así como doutras que fosen precisas segundo a normativa de aplicación, serán supervisadas polo técnico asignado por Xestur, S.A. como responsable do cumprimento do programa de vixilancia ambiental, (**Director Ambiental de Obra, en adiante D.A.O.**), ou no seu defecto pola **Dirección Facultativa** das obras de urbanización.

CONDICIÓN XERAIS

O contratista adxudicatario das obras deberá, como norma xeral, cumprir as seguintes **MEDIDAS CORRECTORAS MEDIOAMBIENTAIS** xerais para o proceso de execución das obras:

- Limitar os movementos de maquinaria pesada.
- Humectación durante as labores de movemento de terras.
- Delimitación da actuación de obras.
- Sinalización axeitada da obra.
- Regulación do tráfico.
- Control e seguimento de vertidos durante os traballos.
- Execución dunha rede separativa de sumidoiros.
- Captación de augas de escorrega e vieiros e demais zonas pavimentadas.
- Drenaxes de augas subterráneas.
- Creación de zonas verdes, plantación das mesmas.
- Execución de zonas peonís e sendeiros para protexer a zona verde.

Asemade deberá cumprir as seguintes **CONDICIÓN MEDIOAMBIENTAIS** xerais:

1. Cumprirase co disposto na Lei 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, así como o estipulado, no caso de que dispoña dela, na ordenanza municipal do concello de Lugo.
2. A maquinaria empregada no proceso construtivo cumprirá coa normativa de emisión que lle resulte de aplicación, debendo dispor de documentación acreditativa ó respecto.



3. Prohíbese verter nos leitos dos cursos fluviais restos de formigón ou cemento, lavar materiais ou ferramentas que estiveran en contacto con eles, así como os cambios de aceite de maquinaria de construción.
4. Non estando previsto a colocación de plantas de formigón nin de aglomerado asfáltico, estes procederán de planta ou plantas externas que contén coas súas correspondentes autorizacións.
5. Respectarase todo tipo de vexetación existente que non estea afectada directamente pola execución da obra, e, se é tecnicamente posible, os tocóns non se eliminarán, sobre todo se están na ribeira dos cursos fluviais.
6. Para a realización de cortas das especies arbóreas debe terse en conta o disposto no Regulamento de Montes, tendo que facer a correspondente comunicación de corta ou solicitude de autorización, segundo o caso.
7. Os restos vexetais que se produzan, deberán ser xestionados axeitadamente, prevalecendo sempre a súa valorización. No caso de depositalos no terreo, deberán ser triturados e espallados homoxeneamente, para permitir unha rápida incorporación ó solo.

CONDICIÓNS MEDIOAMBIENTAIS ESPECÍFICAS NAS OBRAS DE URBANIZACIÓN

O contratista adxudicatario das obras deberá presentar á Dirección de Obra para a súa aprobación a seguinte información:

1. **Localización das zonas que a empresa vai a destinar ás instalacións auxiliares**, amoreamentos de materiais e almacenamento de residuos.
2. **Os vieiros a utilizar no proceso construtivo** (*procurando empregar as trazas dos vieiros definitivos ou dos existentes na zona*). Así como, vías alternativas para a circulación dos veciños, no caso de que sexa necesario crealas (*están deberán estar perfectamente indicadas e sinalizadas*).
3. Se existise un excedente de terras, deberá o adxudicatario comunicar a Dirección Facultativa, **onde se realizará o seu depósito**, aportando os permisos correspondentes. No obstante, ademais do recollido no P.U. e Anexos e atendendo a posibles modificacións do mesmo durante a execución das obras, en relación o movemento de terras a realizar, seguirase co criterio de realizar unha compensación na medida do posible, entre o volume de desmonte e do terraplén co fin de minimizar os sobrantes de terras.
4. Deseño e planificación dos métodos de execución das voaduras, no caso de que se precise a realización destas para o movemento de terras, así como das medidas protectoras e correctoras necesarias para minimizar as afeccións derivadas do ruído, vibracións, mobilización de pó e protección de materiais grosos.

Asemade o contratista adxudicatario das obras tamén deberá cumprir as seguintes **CONDICIÓNS MEDIOAMBIENTAIS específicas**:

5. Delimitarase correctamente o terreo a ocupar polas labores do proxecto, co fin de diminuír a perda innecesaria e a alteración de formacións vexetais polo tráfico de maquinaria.
6. En xeral, deberánse adoptar as medidas necesarias para non comprometer a rede natural de drenaxe e permitir o fluxo das augas a velocidade adecuada.
7. Durante a fase de movementos de terras, terase especial coidado de que non cheguen aportes de materias a cursos fluviais.



8. Respectaranse os regatos e ríos que desembocan na conca fluvial afectada e as súas marxes deixando polo menos unha franxa de 5m de ancho inalterada dende a zona de máximas crecidas ordinarias. Manterase inalterada a vexetación de ribeira.
9. Nunca se deberán atravesar correntes de auga coa maquinaria sen utilizar pontóns ou estruturas similares. As áreas de mantemento da maquinaria localizaranse lonxe das correntes de auga, por pequenas que estas sexan.
10. No caso de tala de vexetación, cinguirase ás estritamente necesarias para a execución da obra e con arranxo ás autorizacións pertinentes.
11. Humectación e /ou rozado de materiais pulverulentos.
12. Vixiar a evolución da revexetación, procedendo á reposición de calvas e/ou marras que puideran aparecer nas sementeirias, hidrosementeirias e/ou plantacións previstas.
13. Os noiros con pendentes inferiores ó 30% sementaranse para conseguir unha cuberta herbácea, recomendándose instalar redes ou mantas de cobertura biodegradables (de coco, palla, etcétera) para estabilizar noiros con pendentes superiores ó 30%.
14. A revexetación das zonas verdes do parque deberase facer empregando especies arbóreas e arbustivas autóctonas que formen parte das series de vexetación natural da zona e a poder ser de procedencia local, evitando a introdución de especies alóctonas e/ou invasoras.
15. Establecerase a recollida, almacenamento, conservación e/ou xestión da terra vexetal afectada polas obras. O solo vexetal utilizarase na recuperación de zonas degradadas.

7. SEGURIDADE E SAÚDE.

Tal e como se recolle no contrato de execución de obras, serán **por conta do adxudicatario** a realización dos seguintes traballos, estean ou non valorados nos proxectos correspondentes, e que deberá ter realizado antes do comezo das obras de urbanización:

Peche total do perímetro da obra, de tal forma que evite a entrada a calquera persoa allea á mesma, destacándose claramente os accesos de forma que queden visibles e identificables. Estes traballos realizaranse previo ao comezo das obras, de acordo o R.D. 1627/1997, a normativa que fose de aplicación así como das prescricións da dirección facultativa e o coordinador de seguridade e saúde.

A colocación do cartel indicativo da obra en lugar visible. Segundo modelo a empregar por Xestur, S. A.

Colocación da senalización dirixida a advertir a presenza de **riscos**, así como a existencia de **prohibicións e obrigas** en sinais en forma de panel que axustaranse ao disposto, segundo as características da obra, no *RD 1627/1997 e Anexos*.

